

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

8146 *Lei 21/2015, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

No ano 2003 as Cortes Xerais aprobaron unha nova normativa en materia de montes, a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, a través da cal se procedía a actualizar o réxime xurídico regulador dos espazos forestais de acordo coa nova concepción do ambiente consagrada pola Constitución española e cos principios de xestión forestal sustentable que deben informar a ordenación e conservación dos montes españois.

Posteriormente aprobouse mediante a Lei 10/2006, do 28 de abril, unha modificación parcial e moi definida da lei, nun momento aínda inicial do proceso social de adaptación dos sistemas de ordenación dos montes ás prescricións recollidas no novo modelo de xestión forestal sustentable.

Transcorridos dez anos desde a aprobación da Lei de montes, e con base na súa aplicación, detectáronse algúns aspectos que é conveniente mellorar; outros que, debido ao desenvolvemento posterior da lexislación nacional ou autonómica, é preciso adaptar, e, finalmente, outros en cuxo desenvolvemento hai que avanzar máis, tanto con respecto do texto orixinalmente aprobado da lei como da primeira modificación realizada en 2006. Por isto, e co fin de ter o mellor instrumento posible para a xestión sustentable das masas forestais españolas, realízanse modificacións nos aspectos mencionados á Lei 43/2003, do 21 de novembro, axustándose ademais ao disposto nas sentenzas do Tribunal Constitucional relativas á impugnación de múltiples preceptos da lei orixinalmente aprobada, fundamentalmente a Sentenza do Tribunal Constitucional 49/2013, do 28 de febreiro, a Sentenza do Tribunal Constitucional 84/2013, do 13 de abril, e a recente Sentenza 97/2013, do 23 de abril, en que os recorrentes foron, respectivamente, as comunidades autónomas de Cataluña, La Rioja e Castilla y León.

Unha das novidades é a consideración, como un novo principio inspirador desta lei, dos montes como infraestruturas verdes, en sintonía coa Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións COM (2013) 249 final, do 6 de maio de 2013, denominada «Infraestrutura verde: mellora do capital natural de Europa», posto que constitúen uns sistemas naturais prestadores de servizos ambientais de primeira orde.

Nesta modificación afóndase na imbricación do territorio forestal como unha parte moi importante do mundo rural a que pertence, e a cuxo desenvolvemento debe coadruar de forma activa. Por outro lado, perfecciónase o equilibrio entre os tres piares imprescindibles da xestión forestal sustentable, é dicir, o económico, o ecolóxico e o social.

Igualmente, recoñécese o concepto de multifuncionalidade dos montes españois, é dicir, a súa capacidade de cumprir simultaneamente con varias funcións económicas, ecolóxicas e sociais, incluíndo as culturais (materiais e inmateriais), sen que ningunha delas vaia en detrimento das demais.

En canto ao ámbito de aplicación da lei, determínase que os terreos agropecuarios que se dediquen temporalmente a cultivos de especies forestais estarán sometidos a esta lei de montes durante o dito período, con todas a características dos montes, até que termine a quenda de aproveitamento previamente establecida, na cal poden recuperar a súa condición anterior de terreos dedicados á agricultura ou a gandaría.

II

Como novidade, no artigo 7 sistematízanse as facultades que corresponden á Administración xeral do Estado derivadas do vixente marco constitucional, das cales destacan, entre outras, a coordinación da elaboración e a aprobación das directrices sobre distintos aspectos da loita contra incendios forestais, así como o despregamento de medios estatais de apoio ás comunidades autónomas, independentemente de que ambas as cuestións se elaboren en estreita coordinación coas comunidades autónomas.

Así mesmo, reflíctese na lei a competencia da Administración xeral do Estado derivada do Regulamento (CE) n.º 2173/2005 do Consello, do 20 de decembro de 2005, relativo ao establecemento dun sistema de licenzas FLEGT (Aplicación da lexislación forestal, gobernanza e comercio) aplicable ás importacións de madeira na Comunidade Europea. A aplicación desta política realizarase conforme as competencias de cada Administración, polo que figura como competencia compartida. O cadro de competencias compartidas péchase coa inclusión daqueles aspectos en materia de conservación e ordenación dos recursos cinexéticos e piscícolas que superan o ámbito dunha comunidade autónoma, cuxa coordinación convén que sexa exercida pola Administración xeral do Estado.

En canto aos órganos de coordinación coas comunidades autónomas, a lei dota de flexibilidade a Administración para adaptarse ás diferentes estruturas que ao longo do tempo poida adquirir, xa que obriga a definir e regular eses órganos no ámbito regulamentario, moito máis fácil de variar conforme as circunstancias o vaian aconsellando. Por tanto, mantense a Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural como órgano de coordinación, e facilítanse a configuración, funcións e obxecto dos comités técnicos existentes e os que sexan necesarios no futuro mediante normas de rango menor.

De igual maneira, recupera a figura dun órgano de participación de ámbito forestal mediante o establecemento dun consello forestal nacional, cuxas funcións específicas, composición e funcionamento tamén se regularán pola vía regulamentaria.

III

A lei establece unha clasificación dos montes en grupos disxuntos; primeiro, segundo a súa titularidade e, seguidamente, pola súa afección a un interese xeral, que é o factor que determina as características da xestión de que deben ser obxecto. A especial importancia destes montes, xa sexan públicos ou privados, derivada dos valores singulares que incorporan, fainos acredores dunha peculiaridade que xustifica a adopción dunha regulación e uns rexistros propios, diferentes para cada titularidade, a través dos cales as administracións poidan velar pola súa especial protección e salvagarda.

Nesta modificación ampliáanse varios aspectos referentes, por un lado, ao uso de montes públicos, que cando é privativo se somete con carácter xeral ao réxime de concesión administrativa, ou que pode ser público e, por tanto, libre, pero en todo caso ordenado, polo que se debe incluír no instrumento de xestión aplicable.

Refórzanse as disposicións que permiten a defensa do dominio público forestal no que se refire a recuperación posesoria, deslinde, adquisición preferente e dereitos de tanteo e retracto. Non se modifica o réxime de inalienabilidade, imprescritibilidade, inembargabilidade e ausencia de tributación.

Entre os montes privados, mantense a figura dos protectores. Aínda que persiste a denominación, redefínense como aqueles montes privados que cumpren algunha das condicións que se exigen aos públicos para declararse de utilidade pública; ampliase, por tanto, o concepto e aféctase o monte dunha maneira secundaria a un servizo público, o que permitirá a preferencia na compensación das súas externalidades positivas.

Aprovéitase para introducir un novo artigo 27 bis en substitución da disposición adicional décima, reguladora dos montes *pro indiviso*, caracterizados pola falta de identificación de todos os comuneiros. Baixo a denominación de montes de socios establécese un procedemento que permitirá aos titulares coñecidos xestionalos para evitar, así, o abandono e deterioración do monte e o desaproveitamento dos recursos naturais e, á vez, esclarecer a titularidade das cotas vacantes.

IV

Mantendo a aposta xeral pola planificación como mellor vía para garantir a xestión forestal sustentable, simplifícase e faise posible este principio para aqueles montes de reducida superficie, moi frecuentes na nosa xeografía, para os cales un procedemento de ordenación ou un plan técnico individualizado resulta moi custoso e inabordable para os seus propietarios ou xestores. A adhesión a un modelo tipo de xestión forestal debidamente aprobado que inclúa series de actuacións silvícolas aplicables aos diferentes tipos de monte á escala apropiada pode substituír os instrumentos individuais, sempre que as comunidades autónomas así o permitan, e favorecer a ordenación forestal mediante instrumentos flexibles e de baixo custo para montes pequenos. Desta forma, ábrese a porta a que as comunidades autónomas poidan establecer unha serie de modelos tipo de xestión forestal para cada unha das clases de monte que posúen no seu territorio e que consideren que, polo seu tamaño, a súa simplicidade estrutural ou por calquera outra razón, poden ser obxecto dun plan de xestión moi simple. O titular que por escrito se adhire a un deses modelos aprobados comprométese a seguir o que no dito modelo se indica e o seu monte pódese considerar ordenado. Evidentemente, os servizos de inspección poden comprobar que realmente se efectúan as accións silvícolas prescritas no modelo no terreo que a isto se comprometeu. Asemade, limítase a obriga legal de dispor dun proxecto de ordenación, plan dasocrático ou outro instrumento equivalente aos montes catalogados e os protectores, debido aos valores forestais ou naturais que posúen e que fan necesario este instrumento específico. Igualmente, as comunidades autónomas poderán ampliar esta obriga aos montes que consideren conveniente.

Consérvase a autorización previa, ou declaración responsable se se trata de quendas curtas, para os aproveitamentos en montes que non dispoñan de ningún instrumento de ordenación e a simple notificación previa para os que dispoñan del. En todos eles se obriga a notificar con posterioridade ao aproveitamento para efectos estatísticos. Con este sistema axilízase e simplifícase a tramitación ao tempo que se fomenta a planificación forestal.

Detémnase neste texto que os contratos públicos de aproveitamentos forestais, diferentes en esencia das concesións de uso, se deben rexer nos seus termos xerais polo texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, baixo a figura de contratos especiais, posto que deben estar sometidos á lexislación sectorial forestal. Por esta razón, facúltase o Goberno para regular regulamentariamente o réxime básico destes contratos de obras e servizos forestais.

A certificación forestal voluntaria, transparente e non discriminatoria recoñécese xa no texto anterior como un valioso instrumento de xestión forestal sustentable que pretende, en último termo, vincular o comercio dos produtos forestais coa xestión sustentable dos montes de que proceden e conseguir que o usuario final se decante por produtos procedentes de montes planificados e xestionados con criterios sustentables. Nesta modificación elimínase o procedemento administrativo que suporía a garantía que o Estado proporciona sobre a voluntariedade, transparencia e non discriminación dos esquemas de certificación.

Na modificación introducida establécese ademais que as administracións públicas tratarán de controlar a legalidade da orixe dos produtos forestais, pondo todos os medios para evitar a introdución no mercado europeo a través do noso país de madeira e produtos forestais cuxa orixe non sexa legal, de acordo co Regulamento (CE) n.º 2173/2005 do Consello, do 20 de decembro de 2005, relativo ao establecemento dun sistema de licenzas FLEGT aplicable ás importacións de madeira na Comunidade Europea, e o

Regulamento (UE) n.º 995/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de outubro de 2010, polo que se establecen as obrigacións dos axentes que comercializan madeira e produtos da madeira.

V

Mantense, sobre o xa difícil cambio de uso forestal con carácter xeral, a prohibición expresa do cambio de uso durante 30 anos nun terreo incendiado. Engádese, porén, unha excepción, para terreos en que concorran razóns imperiosas de interese xeral de primeira orde que resulten prevalentes sobre o seu carácter forestal. Esta prevalencia debe ser definida por unha norma con rango de lei, o que exige un proceso de participación pública e un pronunciamento con sede na soberanía popular. Por último, exíxense medidas compensatorias.

O acceso aos montes e o uso das pistas forestais, prohibido con carácter xeral polo texto de 2006, déixase agora á decisión de cada comunidade autónoma, que deberá legislar ao respecto, en todo caso, se queda prohibido ou permitido con carácter xeral, e autorízalo ou prohibilo nos casos que se decidan. En todo caso garántese o acceso aos vehículos vinculados á xestión, ás servidumes de paso recoñecidas e aos servizos de vixilancia e extinción de incendios.

Xunto con estas modificacións, en execución dunha medida CORA (Comisión para a Reforma das Administracións Públicas), modifícase o réxime dos axentes forestais e as potestades administrativas de extensión, policía e gardaría forestal.

VI

Por outra parte, créase o Rexistro Nacional de Cooperativas, Empresas e Industrias Forestais, non como licenza ou requisito previo para desenvolver a súa correspondente actividade, senón co carácter de instrumento de cumprimento da rastrexabilidade dos produtos forestais e da dilixencia debida que deben ter para efectos de legalidade, así como fonte de información estatística, base para a planificación forestal a escala rexional e nacional.

VII

A aplicación do esquema de infraccións e sancións da Lei 43/2003, do 21 de novembro, mostrouse deficiente ao ter só en conta o tempo necesario para a recuperación do dano ambiental como factor de gravidade obviando a súa dimensión. Como factor de corrección introdúcese unha medida da importancia do dito dano como moduladora da gravidade da infracción, de forma que, tanto as infraccións que produzan danos que tarden moito tempo en recuperarse como as que ocasionen danos moi cuantiosos –estimados mediante o valor de reposición– se considerarán graves ou moi graves, segundo os casos. Isto implica que este segundo factor, que na redacción anterior se consideraba como agravante, deixa de selo, pois non se debe utilizar dúas veces na cualificación da infracción. Tamén incide na gravidade a reincidencia en faltas de menor gravidade.

Introdúcese neste capítulo unha nova infracción por violación dos preceptos derivados da aplicación do Regulamento n.º 995/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de outubro, sobre aseguramento da legalidade dos produtos de madeira, e a normativa europea derivada, cuestión que ten reserva de lei. Nela o valor da madeira introducida no mercado contravindo a normativa é o que define a gravidade da infracción.

Para desincentivar a posibilidade de que a sanción se considere un custo máis dunha operación, pese ao cal siga resultando rendible, introdúcese o factor de que a sanción será a maior da prescrita ou o dobre do valor do dano causado (ou da madeira comercializada, que ademais se confisca), xunto coa obrigación de reparar os danos, polo que os casos en que a pesar disto a infracción sexa rendible elimínanse na súa práctica totalidade.

VIII

Coa idea de reactivar economicamente o sector forestal, neste caso mediante a agrupación de montes para efectos de xestión –e soamente para estes efectos– de forma que se poida aplicar unha economía de escala, defínense as sociedades forestais, cuxos

socios manteñen todas as prerrogativas dominicais a excepción da xestión forestal, que se entrega por un tempo á sociedade a cambio dunha participación nos beneficios.

Co obxecto de incentivar as agrupacións de propietarios e a mellora na sustentabilidade dos montes, establécese unha dedución no imposto sobre sociedades das sociedades forestais do 10 por cento dos gastos e investimentos destinados á conservación, mantemento, mellora, protección e acceso do monte para as sociedades forestais creadas nesta lei e, ao mesmo tempo e co mesmo fin, establécese o réxime especial de diferimento previsto na Lei do imposto sobre sociedades, co obxecto de evitar a tributación que poida existir no momento de realización daquelas operacións polas que se ceden os dereitos de uso forestal por parte dos propietarios de parcelas susceptibles de aproveitamento forestal á sociedade forestal a cambio de participacións nela.

Co fin de facilitar o cumprimento do establecido no Regulamento 995/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de outubro, establécese a validez dunha declaración responsable, cuxo contido mínimo se regulará regulamentariamente, para o cumprimento dos requisitos derivados do segundo, e establécese tamén o carácter de infracción leve da súa omisión. Igualmente, e para efectos de homoxeneizar a intensidade e forma de realizar as inspeccións, establécese a elaboración dun plan nacional de inspección en cooperación coas comunidades autónomas.

Por último, constatada a baixa proporción de montes con instrumento de planificación vixente, auméntanse en dez anos –que comezarán en 2004– os prazos en que os montes que teñan esa obrigaición deben contar cun proxecto de ordenación, plan dasocrático, técnico ou instrumento equivalente, así como o de carencia do dito instrumento para efectos de incentivos. Esta ampliación xustifícase polo cambio das condicións: non son os mesmos montes os que teñen que ter o dito plan, a existencia da posibilidade de modelos tipo de xestión forestal que fai máis fácil a planificación, pero que levará un tempo elaborar. Todo isto fai aconsellable establecer un prazo adicional para a adecuación do sistema de incentivos a montes ordenados e de acomodación á legalidade dos montes catalogados e protectores.

IX

Na lei de modificación da Lei 43/2003, do 21 de novembro, inclúense tamén seis disposicións adicionais que responden a diferentes fins: así, a primeira límitase a actualizar as referencias co nome correcto do departamento ministerial.

Introdúcese tamén en segundo lugar unha disposición adicional análoga á xa contida no artigo 120 da Lei 62/2003, do 31 de decembro, de medidas fiscais administrativas e da orde social, que garanta unha correcta aplicación das axudas directas da política agrícola común en España, conforme criterios comúns establecidos a escala nacional para todo o territorio derivadas do novo marco comunitario contido nos regulamentos (UE) 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común, e 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, en particular, as relativas ao sistema integrado de xestión e control establecido no capítulo II do título V e ao sistema de condicionalidade establecido no título VI, e disposicións concordantes.

Procédese mediante a disposición adicional terceira a cambiar a denominación dos corpos de enxeñeiros agrónomos e de enxeñeiros de montes, dous dos corpos máis antigos da Administración, incluíndo expresa mención «do Estado».

A disposición adicional cuarta recolle algúns aspectos do mundo da caza e da pesca que, aínda recoñecendo a competencia exclusiva das comunidades autónomas na súa lexislación, requiren, para garantir a unidade de mercado, certa harmonización e organización a escala nacional, como actividades económicas que tamén son. Así, prevese a elaboración e adopción dunha estratexia nacional de xestión cinexética, así como o rexistro nacional de infractores que este sistema debe comportar para ser efectivo.

A disposición adicional quinta establece as regras de explotación do transvasamento Texo-Segura.

A disposición adicional sexta regula o camiño natural e a Rede nacional de camiños naturais.

Por último, inclúense tamén sete disposicións derradeiras. A primeira delas modifica a Lei 52/1980, do 16 de outubro, de réxime económico da explotación do acueduto Texo-Segura. A segunda modifica a Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional. A terceira engade un novo artigo tras o 16 á Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, no sentido de prever a transmisión de enfermidades ao gando ou aos humanos por medio das especies cinexéticas, e establece que tanto as granxas produtoras de especies cinexéticas como os terreos cinexéticos e o movemento destas especies estarán regulados pola lexislación vixente en sanidade animal. A cuarta modifica a Lei 5/2013, do 11 de xuño, pola que se modifican a Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, e a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados. A quinta declara que o texto anterior non supón aumento do gasto público e fixa en tres meses o prazo da súa entrada en vigor. A sexta, pola súa parte, establece a habilitación competencial e, finalmente, a sétima fixa en tres meses o prazo de entrada en vigor.

X

A lei incorpora unha serie de preceptos relativos ao transvasamento Texo-Segura, para dar cumprimento á sentenza do Tribunal Constitucional do 5 de febreiro. Esta sentenza declarou a inconstitucionalidade de varias disposicións relativas ao transvasamento Texo-Segura, que foron introducidas mediante emendas no curso da tramitación parlamentaria da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, por se omitir o preceptivo trámite de audiencia á Comunidade Autónoma de Aragón, previsto no artigo 72.3 do seu estatuto de autonomía.

A declaración de inconstitucionalidade xerou incerteza e pon en risco o normal funcionamento do transvasamento. Co firme propósito de evitar esta situación, na presente lei dáse cumprimento á sentenza do Alto Tribunal.

O transvasamento Texo-Segura, en servizo desde 1979, é unha infraestrutura esencial: abastece 2,5 millóns de persoas e garante a subministración de rega a 150.000 hectáreas dedicadas á agricultura. Trátase de cultivos de alto valor engadido e moi tecnificados, que precisan dun marco normativo claro e estable no tempo, que permita coñecer aos regantes con total seguridade o recurso hídrico de que dispoñen para programar adecuadamente as colleitas e acceder ao financiamento que precisan para desenvolver a súa actividade.

A propia sentenza do Tribunal Constitucional subliña a relevancia destas disposicións, no seu fundamento xurídico quinto, ao indicar con toda claridade que «todas estas disposicións se refiren ao réxime de transferencias hídricas a través do acueduto Texo-Segura, cuxa transcendencia está fóra de toda dúbida de maneira que a anulación das normas antes mencionadas é susceptible de xerar graves prexuízos aos intereses xerais».

Deste modo, asegúrase o funcionamento ordinario e con plena seguridade xurídica do transvasamento Texo-Segura.

Artigo único. *Modificación da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.*

A Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Os números 2 e 3 do artigo 2 quedan redactados da seguinte forma:

«2. Aos terreos de condición mixta agrosilvopastoral e, en particular, aos terreos adevesados, seralles de aplicación esta lei no relativo ás súas características e aproveitamentos forestais, sen prexuízo da aplicación da normativa que lles corresponda polas súas características agropecuarias.

3. Os montes ou fraccións de monte que estean incluídos en espazos naturais protexidos réxense pola súa lexislación específica, así como polas disposicións desta lei no que non sexa contrario a aquela.»

Dous. A letra f) do artigo 3 queda redactada da seguinte forma:

«f) A conservación, mellora e restauración da biodiversidade dos ecosistemas e especies forestais. »

Tres. Engádese unha nova letra l) ao artigo 3, que queda redactada da seguinte forma:

«l) A consideración dos montes como infraestruturas verdes para mellorar o capital natural e a súa consideración na mitigación do cambio climático.»

Catro. O artigo 4 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 4. *Multifuncionalidade dos montes.*

Os montes, independentemente da súa titularidade, desempeñan unha función social relevante, tanto como fonte de recursos naturais e sustento de actividades económicas como por seren provedores de múltiples servizos ambientais, entre eles, de protección do solo e do ciclo hidrolóxico; de fixación do carbono atmosférico; de depósito da diversidade biolóxica, e como elementos fundamentais da conectividade ecolóxica e da paisaxe.

O recoñecemento destes recursos e externalidades, dos que toda a sociedade se beneficia, obriga as administracións públicas a velar en todos os casos pola súa conservación, protección, restauración, mellora e ordenado aproveitamento.»

Cinco. O número 2 do artigo 5 quedará redactado da forma seguinte:

«2. Sen prexuízo do disposto nos demais números deste artigo, non teñen a consideración de monte:

- a) Os terreos dedicados ao cultivo agrícola.
- b) Os terreos urbanos.
- c) Os terreos que exclúa a comunidade autónoma na súa normativa forestal e urbanística.»

Seis. Engádese un novo número 4 ao artigo 5, co seguinte contido:

«4. As plantacións de especies forestais de quenda curta en réxime intensivo sobre terreos agrícolas estarán sometidas ao disposto nesta lei durante a vixencia das quendas de aproveitamento previamente establecidas, a menos que a comunidade autónoma decida expresamente un período máis curto e o seu titular decida, unha vez finalizado o dito período, sobre o aproveitamento do terreo.»

Sete. As letras f), i), n), ñ) e q) do artigo 6 quedan redactadas da seguinte forma:

«f) Repoboación forestal: establecemento de especies forestais nun terreo mediante sementeira ou plantación. Pode ser forestación ou reforestación.»

«i) Aproveitamentos forestais: os madeireiros e leñosos, incluída a biomasa forestal, os de cortiza, resina, pastos, caza, froitos, fungos, plantas aromáticas e medicinais, produtos apícolas e demais produtos e servizos con valor de mercado característicos dos montes.»

«n) Proxecto de ordenación de montes: documento técnico que sintetiza a organización no tempo e o espazo da utilización sustentable dos recursos forestais, madeireiros e non madeireiros, nun monte ou grupo de montes, para o cal debe incluír unha descrición pormenorizada do terreo forestal nos seus aspectos ecolóxicos, legais, sociais e económicos e, en particular, un inventario forestal cun nivel de detalle tal que permita a toma de decisións en canto á silvicultura para aplicar en cada unha das unidades do monte e á estimación das súas rendas.»

«ñ) Plan dasocrático ou plan técnico: proxecto de ordenación de montes que, pola súa singularidade –pequena extensión; funcións preferentes distintas ás de produción de madeira ou cortiza; masas inmaturas (sen arboredo en idade de corta), etc.– precisan unha regulación máis sinxela da xestión dos seus recursos. En consonancia, o inventario forestal poderá ser máis simplificado, ben que será necesario que incorpore información sobre espesura no caso de montes arborizados.»

«q) Axente forestal: funcionario que ten a condición de axente da autoridade pertencente ás administracións públicas que, de acordo coa súa propia normativa e con independencia da denominación corporativa específica, ten encomendadas, entre outras funcións, as de vixilancia, policía e custodia dos bens xurídicos de natureza forestal e a de policía xudicial en sentido xenérico tal como establece o número 6 do artigo 283 da Lei de axuízamento criminal, actuando de forma auxiliar dos xuíces, tribunais e do Ministerio Fiscal, e de maneira coordinada coas Forzas e Corpos de Seguridade, con respecto ás facultades da súa lexislación orgánica reguladora.»

Oito. As letras a), b) e c) do número 2 do artigo 7 quedan redactadas da seguinte forma:

«a) A definición dos obxectivos xerais da política forestal española a través de documentos como:

- 1.º Estratexia forestal española.
- 2.º Plan forestal español.
- 3.º Programa de acción nacional contra a desertización.
- 4.º Plan nacional de actuacións prioritarias de restauración hidrolóxico-forestal.
- 5.º Plan nacional de control da legalidade da madeira comercializada.

b) A recompilación, elaboración e sistematización da información forestal para manter e actualizar a información forestal española.

c) O establecemento das directrices comúns sobre formación en materia de extinción e prevención de incendios, na normalización dos medios materiais e dos equipamentos de persoal de extinción de incendios forestais en todo o territorio español, así como o despregamento de medios estatais de apoio ás comunidades autónomas, para a cobertura dos montes contra incendios.»

Nove. A letra f) do número 2 do artigo 7 queda redactada da seguinte forma:

«f) O establecemento de normas básicas sobre conservación e uso sustentable dos recursos xenéticos forestais e sobre procedencia, produción, utilización e comercialización dos materiais forestais de reprodución e, en particular, a determinación das súas rexións de procedencia e o mantemento do Rexistro e do Catálogo nacional de materiais de base.»

Dez. A letra g) do número 2 do artigo 7 queda redactada da seguinte forma:

«g) A elaboración e a aprobación das directrices básicas comúns de xestión forestal sustentable.»

Once. A letra a) do número 3 do artigo 7 queda redactada da seguinte maneira:

«a) A coordinación da xestión do Catálogo de montes de utilidade pública, así como a do Rexistro de Montes Protectores e demais rexistros previstos nesta lei.»

Doce. A letra b) do número 3 do artigo 7 queda redactada da seguinte maneira:

«b) A colaboración no deseño das redes, a recompilación e comunicación aos órganos comunitarios dos datos obtidos polas comunidades autónomas no seu ámbito territorial e dos obtidos pola Administración xeral do Estado no ámbito

supraautonómico ou no das súas competencias, procedentes das parcelas das redes europeas para o seguimento do estado dos montes, e outros sistemas de seguimento xeral.»

Trece. A letra b) do artigo 9 queda redactada da seguinte maneira:

«b) A xestión dos montes catalogados da súa titularidade, cando así se dispoña e na forma que se dispoña na lexislación forestal da comunidade autónoma.»

Catorce. O artigo 10 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 10. *Órganos de coordinación e participación da política forestal española.*

1. Corresponde á Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural a coordinación entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas para a preparación, estudo e desenvolvemento das cuestións propias da política forestal española.

2. Créase o Consello Forestal Nacional como órgano consultivo do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente en materia de montes e política forestal, que emitirá informe, entre outros, sobre as normas e plans de ámbito estatal relativas ao ámbito forestal. Presidido polo ministro, a súa composición, organización e funcionamento determinaranse regulamentariamente e garantirá, en todo caso, a participación das organizacións representativas dos intereses afectados, sen que poidan xerar custos de persoal nin aumento do gasto público.»

Quince. O número 4 do artigo 11 queda redactado da seguinte forma:

«4. Os montes veciñais en man común son montes privados que teñen natureza especial derivada da súa propiedade en común sen asignación de cotas, cuxa titularidade é dos veciños que en cada momento integren o grupo comunitario de que se trate e que están suxeitos ás limitacións de indivisibilidade, inalienabilidade, imprescritibilidade e inembargabilidade. Sen prexuízo do previsto na Lei 55/1980, do 11 de novembro, de montes veciñais en man común, aplicaráselles o disposto para os montes privados.»

Dezaseis. Suprímese o artigo 12 bis.

Dezasete. O artigo 13 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 13. *Montes catalogados de utilidade pública.*

A partir da entrada en vigor desta lei, as comunidades autónomas poderán declarar de utilidade pública e incluír no Catálogo de montes de utilidade pública os montes públicos comprendidos nalgún dos seguintes supostos:

a) Os que sexan esenciais para a protección do solo fronte aos procesos de erosión.

b) Os situados nas cabeceiras das bacías hidrográficas e aqueloutros que contribúan decisivamente á regulación do réxime hidrolóxico, incluídos os que se encontren nos perímetros de protección das captacións superficiais e subterráneas de auga, evitando ou reducindo aludes, riadas e inundacións e defendendo poboacións, cultivos e infraestruturas, ou mellorando o abastecemento de auga en cantidade ou calidade.

c) Os que eviten ou reduzan os desprendementos de terras ou rochas e o aterramento de encoros e aqueles que protexan cultivos e infraestruturas contra o vento.

d) Os que, sen reuniren plenamente no seu estado actual as características descritas nas letras a), b) ou c), sexan destinados á repoboación ou mellora forestal cos fins de protección neles indicados.

e) Os que contribúan á conservación da diversidade biolóxica a través do mantemento dos sistemas ecolóxicos, a protección da flora e da fauna ou a preservación da diversidade xenética e, en particular, os que constitúan ou formen parte de espazos naturais protexidos, zonas de especial protección para as aves, zonas de especial conservación, lugares de interese xeolóxico ou outras figuras legais de protección, así como os que constitúan elementos relevantes da paisaxe.

f) Aqueloutros que estableza a comunidade autónoma na súa lexislación.»

Dezaioito. O número 3 do artigo 15 queda redactado da seguinte forma:

«3. Os aproveitamentos forestais no dominio público forestal rexeranse polo que se establece nos artigos 36 e 37 desta lei.»

Dezanove. O número 5 do artigo 15 queda redactado da seguinte forma:

«5. Nos procedementos de concesión e autorización de actividades económicas promovidas pola Administración xestora do monte que se vaian realizar en montes demaniais, sen prexuízo do disposto na regulación dos montes comunais, respectaranse os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade e transparencia. Aplicarase ademais o principio de concorrencia competitiva conforme os instrumentos ou directrices de planificación e xestión do monte nos seguintes supostos:

a) cando se trate dunha actividade de servizos que sexa promovida pola Administración xestora do monte.

b) cando o exercicio da actividade exclúa o exercicio doutras actividades por terceiros.

Os criterios en que se baseará a concesión e autorización para a realización de actividades de servizos estarán directamente vinculados ao disposto nos instrumentos ou directrices de planificación e xestión do monte.

A duración das ditas autorizacións e concesións será como máximo de 75 anos, de acordo coas súas características, e non dará lugar a renovación automática nin a vantaxes a favor do anterior titular ou persoas vinculadas con el.»

Vinte. Os números 3, 4 e 5 do artigo 16 quedan redactados da seguinte forma:

«3. A inclusión no Catálogo de montes de utilidade pública dos montes públicos a que se refire o artigo 13 farase de oficio ou por instancia do titular e adoptarase por acordo do máximo órgano de goberno de cada comunidade autónoma, por proposta do seu respectivo órgano forestal, logo da instrución do correspondente procedemento, no cal deberá ser oída a Administración titular e, se for o caso, os titulares de dereitos sobre os ditos montes.

4. A exclusión dun monte do Catálogo de montes de utilidade pública só procederá cando perdesse as características polas que foi catalogado e regularase polo procedemento descrito no número anterior. A exclusión parcial ou permuta dunha parte non significativa dun monte catalogado poderá ser autorizada por acordo do máximo órgano de goberno de cada comunidade autónoma, por proposta do seu órgano forestal, sempre que supoña unha mellor definición da superficie do monte ou unha mellora para a súa xestión e conservación.

5. Con carácter excepcional, por acordo do máximo órgano de goberno de cada comunidade autónoma, logo de informe do seu órgano forestal e, se for o caso, da entidade titular, poderase autorizar a exclusión ou permuta dunha parte dun monte catalogado por causa de interese público prevalente.»

Vinte e un. Os números 1, 2 e 3 do artigo 18 quedan redactados da seguinte forma:

«1. A declaración de utilidade pública dun monte non prexulga ningunha cuestión de propiedade pero constitúe unha presunción de posesión a favor da entidade a que o catálogo outorga a súa pertenza. A titularidade que no catálogo se asigne a un monte só se pode impugnar en xuízo declarativo ordinario de propiedade ante os tribunais civís, e non se permite o exercicio das accións reais do artigo 250.1.7 da Lei de axuizamento civil.

2. Nos casos en que se promovan xuízos declarativos ordinarios de propiedade de montes catalogados, será parte demandada a comunidade autónoma, ademais de, se for o caso, a entidade titular do monte. En todas as actuacións que se realicen nos procedementos xudiciais a que se refire este artigo deberá ser emprazada ao seu debido tempo a representación da Administración xestora e declararanse nulas en caso contrario.

3. A Administración titular ou xestora inscribirá os montes catalogados, así como calquera dereito sobre eles, no Rexistro da Propiedade, mediante certificación acompañada por un plano topográfico do monte ou o levantado para o deslinde a escala apropiada, debidamente xeorreferenciados, e, en todo caso, a certificación catastral descritiva e gráfica en que conste a referencia catastral do inmovible ou inmovibles que constitúan a totalidade do monte catalogado, de acordo co texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo. En caso de discrepancia observárase o que dispoña a lexislación hipotecaria sobre a inscrición da representación gráfica dos predios no Rexistro da Propiedade.»

Vinte e dous. Engádese un novo artigo 18 bis redactado da seguinte forma:

«Artigo 18 bis. *Segregación de predios parcialmente afectados ao dominio público forestal.*

1. Cando un predio rexistral de titularidade pública sexa obxecto de afectación parcial ao dominio público forestal, a Administración titular poderá segregar a parte demanial da patrimonial mediante certificación administrativa, que será título suficiente para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade.

2. Nos expedientes administrativos de segregación regulados no número anterior resultará de aplicación o disposto nos artigos 13 e 46.2 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo.»

Vinte e tres. O número 2 do artigo 19 queda redactado da seguinte forma:

«2. Entenderase interrompida a posesión para efectos da prescrición pola realización de aproveitamentos forestais, pola iniciación de expedientes sancionadores ou por calquera acto posesorio realizado pola Administración titular ou xestora do monte.»

Vinte e catro. O encabezamento e o número 1 do artigo 20 quedan redactados como segue:

«Artigo 20. *Investigación e recuperación posesoria dos montes públicos.*

1. Os titulares dos montes públicos, por propia iniciativa ou por instancia da Administración xestora nos montes catalogados, terán a facultade de investigar a situación dos terreos que se presuman pertencentes ao seu patrimonio, segundo o establecido no artigo 45 e seguintes da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, para cuo efecto poderán solicitar todos os datos e informes que se consideren necesarios.

A Administración xestora deberá colaborar na dita investigación, pondo á disposición da Administración titular os medios técnicos e documentais de que dispoña.»

Vinte e cinco. O número 1 do artigo 21 queda redactado como segue:

«1. Os titulares dos montes públicos, xunto coa Administración xestora nos montes catalogados, gozarán da potestade de deslinde administrativo dos seus montes. A Administración forestal competente poderá colaborar, se for o caso, no deslinde destes montes, pondo á disposición da Administración titular os medios técnicos e documentais e que dispoña.»

Vinte e seis. O número 4 do artigo 21 queda redactado como segue:

«4. Os deslindes deberanse aprobar á vista dos documentos acreditativos ou situacións de posesión cualificada que acrediten a titularidade pública do monte obxecto do deslinde, así como da cartografía catastral e a certificación catastral descritiva e gráfica do inmovible ou inmovibles afectados, e establecerán os seus límites coas súas cabidas e plano xeorreferenciado, se se dispón del, e débense concretar igualmente os gravames existentes.»

Vinte e sete. O número 5 do artigo 21 queda redactado como segue:

«5. Soamente terán valor e eficacia no acto do apeo os títulos de dominio inscritos no Rexistro da Propiedade e sentenzas firmes en xuízo declarativo de propiedade.»

Vinte e oito. O número 9 do artigo 21 queda redactado como segue:

«9. Unha vez que o acordo de aprobación do deslinde sexa firme, procederase á colocación de marcos, con participación, se for o caso, dos interesados. A Administración actuante deberá formalizar a correspondente comunicación ao Catastro Inmobiliario do resultado do deslinde, de acordo coa normativa catastral.»

Vinte e nove. O número 1 do artigo 23 queda redactado como segue:

«1. Os montes privados xestiónanse na forma que dispoña o seu titular, sen prexuízo do disposto na lexislación específica e no Código civil.»

Trinta. O número 3 do artigo 23 queda redactado como segue:

«3. A xestión destes montes axustarase, en caso de disporen del, ao correspondente instrumento de xestión ou planificación forestal. A aplicación dos ditos instrumentos será supervisada polo órgano forestal da comunidade autónoma. Na falta do dito instrumento, a xestión do titular comportará a necesaria autorización previa para os aproveitamentos forestais nos termos que a comunidade autónoma establece conforme o disposto nos artigos 36 e 37 desta lei.»

Trinta e un. Suprímese o encabezamento do capítulo IV bis, e os artigos 24 e 24 bis quedan incluídos dentro do capítulo IV.

Trinta e dous. O artigo 24 queda redactado como segue:

«Artigo 24. *Declaración de montes protectores.*

1. Poderán ser declarados protectores aqueles montes ou terreos forestais de titularidade privada que cumpran algunha das condicións que para os montes públicos establece o artigo 13.

2. A declaración de monte protector faraa a Administración da comunidade autónoma correspondente, logo de expediente no cal, en todo caso, deberán ser oídos os propietarios e a entidade local onde radique. Igual procedemento se

seguirá para a desclasificación unha vez que as circunstancias que determinaron a súa inclusión teñan desaparecido.

3. As comunidades autónomas crearán rexistros de montes protectores de carácter administrativo en que constarán as cargas, gravames e demais dereitos reais que soportan os montes incluídos neles.

4. Créase o Rexistro Nacional de Montes Protectores. As comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a información relativa aos asentos que se produzan nos seus rexistros conforme o número anterior co fin de elaborar e manter actualizado o Rexistro Nacional.

O Rexistro terá carácter informativo e dependerá do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. A súa organización e funcionamento estableceranse regulamentariamente logo de consulta ás comunidades autónomas.»

Trinta e tres. Suprímense os artigos 24 bis e 24 ter.

Trinta e catro. O artigo 24 quáter pasa a ser o 24 bis e queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 24 bis. *Xestión de montes protectores.*

1. A xestión dos montes protectores corresponde aos seus propietarios, sen prexuízo do disposto na lexislación específica. O xestor deberá presentar á Administración forestal da comunidade autónoma o correspondente proxecto de ordenación de montes ou plan dasocrático, en caso de non dispor dun instrumento de planificación de ordenación de recursos naturais ou forestal vixente na zona.

2. As limitacións que se establezan na xestión dos montes protectores por razón das funcións ecolóxicas, de protección ou sociais que cumpren poderán ser compensadas economicamente nos termos previstos no capítulo III do título VI.»

Trinta e cinco. A letra b) do número 1 do artigo 25 queda redactada da seguinte maneira:

«b) De montes declarados protectores conforme o artigo 24.»

Trinta e seis. Engádese un novo artigo 27 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 27 bis. *Montes de socios.*

1. Son montes de socios aqueles cuxa titularidade corresponde *pro indiviso* a varias persoas e algunhas delas son descoñecidas, con independencia da súa denominación e da súa forma de constitución.

2. Calquera dos copropietarios dun monte de socios, con independencia de cal sexa a súa cota de participación, poderá promover a constitución dunha xunta xestora ante o órgano competente en xestión forestal, que convocará, por instancia de parte, todos os copropietarios coñecidos. A xunta xestora, unha vez constituída, será o órgano de goberno e representación da comunidade en canto existan cotas de participación vacantes e sen dono coñecido, mediante comunicación para o efecto a todos os demais copropietarios coñecidos.

A xunta xestora comunicará a existencia dunha ou de varias cotas de participación que carecen de dono coñecido á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, co fin de que proceda en cumprimento do previsto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 1373/2009, do 28 de agosto.

3. Para a válida constitución da xunta xestora, será necesario o acordo de, ao menos, as catro quintas partes dos propietarios coñecidos e a súa formalización por escrito. Elaborarase a acta da constitución da xunta xestora en que figure a identificación do monte ou montes afectados, a designación, ao menos, dun presidente e un secretario e as normas de funcionamento interno, que deberán incluír o criterio de incorporación de novos membros.

4. Corresponde á xunta xestora:

a) A representación e a xestión da comunidade. Para isto poderá adoptar os actos de xestión e de administración que mellor conveñan aos intereses comúns, o que inclúe a xestión e o desfrute do monte de socios e de todos os seus produtos e o alleamento de toda clase de aproveitamentos forestais, agrícolas, gandeiros, enerxéticos e mineiros, así como calquera outro acto para o que estean facultados os propietarios por esta lei. A xunta xestora poderá acordar a repartición de beneficios xerados entre os socios, en proporción á súa participación, con exclusión dos correspondentes ás partes non esclarecidas, que se deberán investir na mellora do monte.

b) A promoción dos expedientes de investigación da titularidade das cotas vacantes, de acordo co disposto nos artigos 45 e seguintes da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, e demais normativa aplicable. A xunta xestora tratará de identificar os titulares das cotas vacantes mediante calquera proba documental ou doutra clase admitida en dereito, en particular, mediante os datos que figuran no Rexistro da Propiedade, no Catastro, en escrituras públicas, en testemuños e actas notariais ou en partidas de nacemento ou de bautismo dos últimos titulares coñecidos e dos seus descendentes, sen prexuízo das competencias da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.

5. Para a válida adopción de acordos requírirase o voto favorable da maioría das cotas de participación dos propietarios coñecidos, presentes ou representados.

6. A xunta xestora disolverase unha vez que todos os comuneiros estean identificados conforme dereito, momento a partir do cal se someten ás regras de comunidade de bens en réxime de *pro indiviso*, e non procederá a acción de división até que non se identifique a totalidade das cotas vacantes.

7. A Dirección Xeral do Patrimonio do Estado incoará o correspondente procedemento de investigación respecto ás cotas vacantes sempre que da comunicación da xunta xestora se desprenda que existen indicios fundados de que as ditas cotas carecen efectivamente de dono.

Ao procedemento de investigación incorporaranse as dilixencias realizadas pola xunta xestora tendentes ao esclarecemento da titularidade das cotas, que non necesitarán ser reiteradas pola Administración xeral do Estado.

No caso de que se acredítase a existencia de cotas vacantes, tales cotas entenderanse afectadas por ministerio da lei ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente cando se acorde a súa incorporación ao patrimonio da Administración xeral do Estado, e declarárase así na resolución que poña fin ao procedemento de investigación.

O resultado da dita identificación será obxecto de declaración ante o Catastro Inmobiliario, co fin de incorporar a el as alteracións catastrais que, se for o caso, procedan.

En todo caso, sobre as ditas cotas poderase iniciar un procedemento de alleamento ao abeiro do establecido no artigo 112.6 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

8. Os propietarios dos montes de socios rexeranse, no que non se opoña a esta regulación, polo disposto nos artigos 392 e seguintes do Código civil e, en particular, terán dereito de retracto. En calquera caso, o dereito de retracto legal entre condómino non será aplicable na transmisión *inter vivos* outorgada a favor do cónxuxe ou parentes por consanguinidade dentro do segundo grao do condómino ou sociedades unipersoais deste.

9. Ás xuntas xestoras constituídas asignaráselles identificación fiscal para a realización de negocios xurídicos da súa competencia.»

Trinta e sete. O número 1 do artigo 28 queda redactado da seguinte forma:

«1. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente coordinará cos demais órganos competentes da Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas a elaboración da información forestal española, que incluírá as seguintes materias:

- a) O Inventario forestal nacional e o seu correspondente Mapa forestal de España.
- b) O Inventario nacional de erosión de solos.
- c) O Inventario español de caza e pesca continental.
- d) Repoboacións e outras actividades forestais.
- e) Relación de montes ordenados.
- f) Produción forestal e actividades industriais forestais.
- g) Incendios forestais.
- h) Seguimento da interacción dos montes e o ambiente.
- i) Caracterización do territorio forestal incluído na Rede Natura 2000 ou en espazos naturais protexidos e áreas protexidas por convenios internacionais.
- j) A diversidade biolóxica dos montes de España.
- k) Estado de protección e conservación dos principais ecosistemas e especies forestais españois e efectos do cambio climático neles.
- l) A percepción social dos montes.
- m) Servizos ambientais.

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente poderá incluír na información forestal española outras operacións estatísticas.

Toda a información recollida nos inventarios, así como o contido que integra a información forestal española, terá carácter público e seralle aplicable a normativa de acceso á información ambiental.»

Trinta e oito. Os números 2, 3, 4, 5 e 6 do artigo 28 quedan redactados da seguinte forma:

«2. Os órganos competentes en materia de estatística forestal das comunidades autónomas e as demais administracións públicas proporcionarán ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a información de carácter forestal do seu ámbito de competencia necesaria para elaborar a información forestal española e atender as demandas de información estatística dos organismos internacionais, así como para facilitar o acceso do cidadán á información forestal. En particular, antes do terceiro cuadrimestre de cada ano proporcionarán a información estatística forestal que elaborasen sobre o ano anterior.

3. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente establecerá procedementos de coordinación para que nos documentos da información forestal española e da estatística agroalimentaria exista unha identidade das definicións dos usos e aproveitamentos forestais e agrícolas, así como das superficies asignadas a cada un deles.

4. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente porá a información contida na información forestal española á disposición das comunidades autónomas e entidades locais, empresas e industrias forestais e demais axentes interesados.

5. Periodicamente, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente elaborará e publicará un informe forestal español a partir da análise dos datos da información forestal española.

6. O Inventario forestal nacional e o Mapa forestal de España, así como o Inventario nacional de erosión de solos, terán carácter continuo e unha periodicidade de actualización ao menos decenal. A súa elaboración farase aplicando criterios e metodoloxía comúns para todo o territorio español.»

Trinta e nove. O artigo 29 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 29. *Estratexia forestal española.*

1. A Estratexia forestal española, como documento de referencia para establecer a política forestal española, conterá o diagnóstico da situación dos montes e do sector forestal español, as previsións de futuro, de conformidade coas súas propias necesidades e cos compromisos internacionais contraídos por España, e as directrices que permiten articular a política forestal española.

2. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, oídos os ministerios afectados, elaborará a Estratexia forestal española, coa participación das comunidades autónomas e logo de informe favorable da Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural. A Estratexia forestal española será aprobada mediante acordo do Consello de Ministros.

3. Cando as circunstancias o aconsellen, e en calquera caso con ocasión de cada revisión do Plan forestal español, a Estratexia forestal española será revisada. A revisión tramitarase e aprobarase conforme o disposto no número 2.»

Corenta. O artigo 30 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 30. *Plan forestal español.*

1. O Plan forestal español, como instrumento de planificación a longo prazo da política forestal española, desenvolverá a Estratexia forestal española.

2. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente elaborará o Plan forestal español coa participación das comunidades autónomas tendo en conta os plans forestais daquelas e logo de informe favorable da Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural. O Plan forestal español será aprobado mediante acordo do Consello de Ministros.

3. O Plan forestal español será revisado cada dez anos, ou nun prazo inferior cando as circunstancias así o aconsellen. A revisión tramitarase e aprobarase conforme o disposto no número 2.»

Corenta e un. O número 4 do artigo 31 queda redactado da seguinte forma:

«4. O ámbito territorial dos PORF serán os territorios forestais con características xeográficas, socioeconómicas, ecolóxicas, culturais ou paisaxísticas homoxéneas. Poderanse adaptar a aquelas comarcalizacións e divisións de ámbito subrexional establecidas pola ordenación do territorio ou outras específicas divisións administrativas propias das comunidades autónomas.»

Corenta e dous. A letra f) do número 6 do artigo 31 queda redactada da seguinte forma:

«f) Planificación das accións necesarias para o cumprimento dos obxectivos fixados no plan, incorporando as previsións de repoboación, restauración hidrolóxico-forestal, prevención e extinción de incendios, prevención e loita contra pragas, regulación de usos recreativos e ordenación de montes, incluíndo, cando proceda, a ordenación cinexética, piscícola e micolóxica.»

Corenta e tres. O número 8 do artigo 31 queda redactado da seguinte forma:

«8. Cando exista un plan de ordenación de recursos naturais (PORN) de conformidade coa Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e a biodiversidade, ou outro plan equivalente de acordo coa normativa autonómica que abrangue o mesmo territorio forestal que o delimitado segundo o número 5, a parte forestal destes plans poderá ter o carácter de PORF, sempre e cando contén co informe favorable do órgano forestal competente.»

Corenta e catro. O encabezamento do artigo 32 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 32. *A xestión forestal sustentable. Directrices básicas comúns.*»

Corenta e cinco. O número 2 do artigo 32 queda redactado da seguinte forma:

«2. O Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, a través da Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, aprobará as directrices básicas comúns de xestión forestal sustentable en relación cos seguintes aspectos:

a) A adaptación aos montes españois dos criterios e indicadores de sustentabilidade, a súa avaliación e seguimento, de conformidade cos criterios establecidos en resolucións internacionais e convenios nos cales España sexa parte e, en particular, os requiridos para os montes incluídos na Rede Natura 2000.

b) O contido mínimo das instrucións de ordenación e aproveitamento de montes, para garantir a súa xestión sustentable.»

Corenta e seis. Engádesse un novo número 4 ao artigo 32, coa seguinte redacción:

«4. O órgano autonómico competente poderá aprobar modelos tipo de xestión forestal para aqueles montes cuxas características así o permitan, así como procedementos de adhesión a eles que comporten un compromiso de seguimento por parte dos seus titulares. Se así se establece, nestes casos a adhesión comportará a consideración de monte ordenado.

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente colaborará coas comunidades autónomas na elaboración dos modelos tipo de xestión forestal de cada comunidade e facilitará o intercambio de experiencias sobre eles.»

Corenta e sete. O número 2 do artigo 33 queda redactado da seguinte forma:

«2. Os montes declarados de utilidade pública e os montes protectores deberán contar cun proxecto de ordenación de montes, plan dasocrático ou outro instrumento de xestión equivalente.»

Corenta e oito. O número 4 do artigo 33 queda redactado da seguinte forma:

«4. O contido mínimo dos proxectos de ordenación de montes e plans dasocráticos determinarase nas directrices básicas comúns para a xestión forestal sustentable e o aproveitamento de montes establecidas no artigo 32. A elaboración destes instrumentos deberá ser dirixida e supervisada por profesionais con titulación forestal universitaria e deberá ter como referencia, se for o caso, o PORF en cuxo ámbito se encontre o monte.»

Corenta e nove. Engádesse un novo número 5 ao artigo 33, que se redacta da seguinte forma:

«5. O órgano competente da comunidade autónoma regulará en que casos pode ser obrigatorio dispor dun instrumento de xestión para os montes privados non protectores e públicos non catalogados.»

Cincuenta. O artigo 34 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 34. *Xestión de montes catalogados de utilidade pública e montes protectores.*

1. Os montes catalogados de utilidade pública e os montes protectores declarados con base nas letras a) a d) do artigo 13 xestionaranse co fin de lograr a máxima estabilidade da masa forestal, evitarase, se for o caso, a fragmentación ecolóxica dos montes e aplicaranse métodos silvícolas que persigan prioritariamente

o control da erosión, do perigo de incendio, dos danos por neve, vendavais, inundacións e riadas ou doutros riscos para as características protectoras do monte.

2. Os montes catalogados e os montes protectores declarados con base na letra e) do artigo 13 xestionaranse para garantir o seu mantemento nun estado de conservación favorable ou, se for o caso, para a restauración dos valores que motivaron a dita declaración, sen menoscabo no posible dos fins especificados no número 1.»

Cincuenta e un. O artigo 35 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 35. *Certificación forestal.*

As administracións públicas promoverán o desenvolvemento dos sistemas de certificación forestal voluntarios, transparentes e non discriminatorios.»

Cincuenta e dous. O artigo 35 bis queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 35 bis. *Compra responsable de produtos forestais.*

Para efectos do disposto no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, o órgano de contratación poderá incluír, entre as consideracións de tipo ambiental que se establezan no procedemento de contratación, as relativas ás condicións de legalidade do aproveitamento da madeira e os seus produtos derivados en orixe como factor excluínte, en caso de non acreditarse, e as relativas á súa sustentabilidade, que se poderá acreditar, entre outras formas, mediante a certificación forestal definida no artigo 6.»

Cincuenta e tres. O artigo 36 queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 36. *Aproveitamentos forestais.*

1. O titular do monte será en todos os casos o propietario dos recursos forestais producidos no seu monte, incluídos froitos espontáneos, e terá dereito ao seu aproveitamento conforme o establecido nesta lei e na normativa autonómica.

2. Os aproveitamentos dos recursos forestais realizaranse de acordo coas prescricións para a xestión de montes establecidas nos correspondentes plans de ordenación de recursos forestais, cando existan. Axustaranse tamén, se for o caso, ao que concretamente se consigne no proxecto de ordenación de montes, plan dasocrático ou instrumento de xestión equivalente vixente.

3. O órgano competente da comunidade autónoma regulará os aproveitamentos non madeireiros. Os ditos aproveitamentos, e en particular o de pastos, deberán estar, se for o caso, expresamente regulados nos correspondentes instrumentos de xestión forestal ou PORF en cuxo ámbito se encontre o monte en cuestión.

4. Os aproveitamentos nos montes do dominio público forestal poderán ser alleados polos seus titulares no marco do establecido na lexislación patrimonial que lles resulte de aplicación.

5. A Administración xestora dos montes demaniais poderá allear produtos ou servizos destes, baixo o réxime de aproveitamentos forestais, con suxeición ás cláusulas técnico-facultativas e económico-administrativas que se establezan e aos instrumentos de xestión vixentes. Como contraprestación, ademais ou en lugar do prezo, poderase establecer ou aceptar a realización de determinadas melloras do monte, que se deberán suxeitar ao instrumento de xestión correspondente, ás condicións específicas que se establezan e á aprobación do titular do monte.

6. Nos contratos que celebren as administracións xestoras ou titulares de montes demaniais para a realización de actuacións de mellora nos ditos montes, nas cales se xeren produtos forestais con valor de mercado, estes poderán quedar

á disposición do adxudicatario dos traballos e o prezo estimado da súa venda constituir un elemento dentro do orzamento da actuación.

7. Os aproveitamentos nos montes afectados polas zonas de servidume, policía, ou afección dos dominios públicos hidráulico, marítimo-terrestre, de estradas ou ferroviario non precisarán da autorización dos órganos competentes dos ditos dominios, sempre e cando tales montes dispoñan de instrumentos de xestión cuxa aprobación polo órgano forestal da comunidade autónoma recibise informe favorable dos órganos de xestión dos dominios públicos mencionados.

8. O Goberno, oídas as comunidades autónomas, regulará regulamentariamente o réxime básico propio dos contratos públicos de aproveitamentos, obras e servizos forestais.»

Cincuenta e catro. O artigo 37 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 37. *Aproveitamentos madeireiros e leñosos.*

1. Os aproveitamentos madeireiros e leñosos serán regulados polo órgano forestal da comunidade autónoma.

2. Nos montes non xestionados polo dito órgano forestal, estes aproveitamentos estarán sometidos ás seguintes condicións básicas:

a) Cando exista proxecto de ordenación, plan dasocrático ou instrumento de xestión equivalente, ou o monte estea incluído no ámbito de aplicación dun PORF e este así o prevexa, o titular da explotación do monte deberá remitir a declaración responsable do aproveitamento ao órgano forestal da comunidade autónoma, co obxecto de que este poida comprobar a súa conformidade co previsto no instrumento de xestión ou, se for o caso, de planificación.

b) En caso de non existiren os ditos instrumentos, estes aproveitamentos requirirán autorización administrativa previa, salvo que se trate de aproveitamentos madeireiros ou leñosos a quenda curta ou domésticos de menor contía, caso en que deberá comunicar, mediante unha nova declaración responsable, que concorren as circunstancias polas que non é necesaria a dita autorización.

Consideraranse aproveitamentos de quenda curta aqueles cuxa quenda sexa inferior a 20 anos e os aproveitamentos das especies e quendas conxuntamente tratados que determinen as comunidades autónomas para o seu territorio. Consideraranse aproveitamentos de menor contía os inferiores a 10 metros cúbicos de madeira ou a 20 estéreos de leñas, salvo que as comunidades autónomas establezan para o seu territorio contías menores.

3. O disposto nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo do establecido na disposición adicional décimo primeira, en relación co procedemento para levar a cabo a correspondente avaliación ambiental previa de actividades sometidas a notificación ou declaración responsable cando esta sexa exixible pola lexislación básica estatal ou autonómica de avaliación ambiental.

4. O titular dun aproveitamento madeireiro ou leñoso cuxos produtos sexan obxecto de comercialización deberá comunicar a contía realmente obtida ao órgano forestal autonómico no prazo máximo dun mes desde a súa finalización e de acordo cos procedementos que se establezan para o efecto.»

Cincuenta e cinco. O artigo 38 queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 38. *Fondo de melloras en montes catalogados.*

Os titulares de montes catalogados aplicarán a un fondo de melloras, cuxo destino será a conservación e mellora dos montes incluídos no Catálogo de montes de utilidade pública, unha contía que fixarán as comunidades autónomas e que non será inferior ao 15 por cento do valor dos seus aproveitamentos forestais ou dos rendementos obtidos por ocupacións ou outras actividades desenvolvidas no monte.

O dito fondo será administrado polo órgano forestal da comunidade autónoma, salvo que esta o transfira á entidade local titular. Os investimentos realizaranse de acordo co plan de melloras establecido na planificación do dito monte.»

Cincuenta e seis. O artigo 39 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 39. *Delimitación do uso forestal no planeamento urbanístico.*

Os instrumentos de planeamento urbanístico, cando afecten a cualificación de terreos forestais, requirirán o informe da Administración competente en xestión forestal. O dito informe será vinculante se se trata de montes catalogados ou protectores.

Os montes pertencentes ao dominio público forestal terán a consideración de solo en situación rural, para os efectos do disposto pola lexislación estatal de solo, e deberán quedar preservados pola ordenación territorial e urbanística da súa transformación mediante a urbanización».

Cincuenta e sete. O número 4 do artigo 41 queda redactado como segue:

«4. O Plan nacional de actuacións prioritarias de restauración hidrolóxico-forestal diagnosticará e identificará, por sub-bacías, os procesos erosivos, clasificándoos segundo a súa intensidade e o seu risco potencial para poboacións, cultivos e infraestruturas, definindo as zonas prioritarias de actuación, valorando as accións que se van realizar e establecendo a priorización e programación temporal.

Na elaboración ou posterior aplicación do plan, as autoridades competentes delimitarán zonas de perigo por risco de inundacións ou intrusionas de neve que afecten poboacións ou asentamentos humanos de acordo ao previsto na Directiva 2007/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación.

Estas zonas deberán contar con plans específicos de restauración hidrolóxico-forestal de actuación obrigatoria para todas as administracións públicas.»

Cincuenta e oito. O artigo 42 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 42. *Declaración do interese xeral das actuacións de restauración hidrolóxico-forestal fóra do dominio público hidráulico.*

O Goberno poderá declarar de interese xeral actuacións de restauración hidrolóxico-forestal fóra do dominio público hidráulico por petición das comunidades autónomas afectadas.»

Cincuenta e nove. Os números 1 e 3 do artigo 44 quedan redactados da maneira seguinte:

«1. A Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas organizarán coordinadamente programas específicos de prevención de incendios forestais baseados en investigacións sobre a súa causalidade e, en particular, sobre as motivacións que poidan ocasionar intencionalidade na súa orixe. Para esta planificación terase en conta a Directriz básica de planificación de protección civil de emerxencia por incendios forestais e os plans específicos que dela deriven.»

«3. As comunidades autónomas regularán en montes e áreas estremeiras o exercicio de todas aquelas actividades que poidan dar lugar a risco de incendio, e establecerán normas de seguridade aplicables a edificacións, obras, instalacións eléctricas e infraestruturas de transporte en terreos forestais e as súas inmediacións, que poidan implicar perigo de incendios ou ser afectadas por eles. En particular, regularán de forma específica a prevención de incendios forestais e as medidas de seguridade nas zonas de interfase urbano-forestal. Así mesmo, poderán establecer

limitacións ao tránsito polos montes e chegar a suprimilo cando o perigo de incendios o faga necesario.»

Sesenta. O número 1 do artigo 46 queda redactado da seguinte forma:

«1. Para facilitar a colaboración entre os dispositivos de extinción de incendios forestais, de forma que sexa posible a asistencia recíproca das administracións competentes e a utilización conxunta dos medios persoais e materiais, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, en colaboración coas comunidades autónomas, establecerá as directrices comúns para a implantación dun sistema de xestión de emerxencias común, a formación, preparación e equipamento do persoal e para a normalización dos medios materiais.»

Sesenta e un. O número 3 do artigo 47 quedará redactado como segue:

«3. A Administración responsable da extinción asumirá a defensa xurídica do director técnico e do persoal baixo o seu mando nos procedementos seguidos ante as ordes xurisdiccionais civil e penal por posibles responsabilidades derivadas das ordes impartidas e as accións executadas en relación coa extinción do incendio.»

Sesenta e dous. Os números 1 e 3 do artigo 48 quedan redactados da seguinte forma:

«1. Aquelas áreas en que a frecuencia ou virulencia dos incendios forestais e a importancia dos valores ameazados fagan necesarias medidas especiais de protección contra os incendios poderán ser declaradas zonas de alto risco de incendio ou de protección preferente. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, en colaboración coas comunidades autónomas, establecerá as directrices e criterios para a definición destas zonas especialmente sensibles ao risco de incendio.»

«3. Todas estas zonas disporán dun plan de defensa que, ademais de todo aquilo que estableza o correspondente plan autonómico de emerxencias, deberá considerar como mínimo:

a) Os problemas socioeconómicos que poidan existir na zona e que se manifesten a través da provocación reiterada de incendios ou do uso negligente do lume, así como a determinación das épocas do ano de maior risco de incendios forestais.

b) Os traballos de carácter preventivo que resulte necesario realizar, incluíndo os tratamentos silvícolas que procedan, áreas de devasas, vías de acceso e puntos de auga que deban realizar os propietarios dos montes da zona, así como os prazos de execución.

c) Así mesmo, o plan de defensa conterá as modalidades de execución dos traballos, en función do estado legal dos terreos, mediante convenios, acordos, cesión temporal dos terreos á Administración, axudas ou subvencións ou, se for o caso, execución subsidiaria pola Administración.

d) O establecemento e dispoñibilidade dos medios de vixilancia e extinción necesarios para dar cobertura a toda a superficie forestal da zona, coas previsións para o seu financiamento.

e) A regulación dos usos que poidan dar lugar a risco de incendios forestais.»

Sesenta e tres. O número 1 do artigo 50 queda redactado como segue:

«1. As comunidades autónomas deberán garantir as condicións para a restauración dos terreos forestais incendiados, e queda prohibido:

a) O cambio de uso forestal ao menos durante 30 anos.

b) Toda actividade incompatible coa rexeneración da cuberta vexetal durante o período que determine a lexislación autonómica.

Con carácter singular, as comunidades autónomas poderán acordar excepcións a estas prohibicións sempre que, con anterioridade ao incendio forestal, o cambio de uso estivese previsto:

- a) Nun instrumento de planeamento previamente aprobado.
- b) Nun instrumento de planeamento pendente de aprobación, se xa fose obxecto de avaliación ambiental favorable ou, de non ser esta exixible, se xa fose sometido ao trámite de información pública.
- c) Nunha directriz de política agroforestal que recolla o uso agrario ou gandeiro extensivo de montes non arborizados en estado de abandono.

Así mesmo, con carácter excepcional, as comunidades autónomas poderán acordar o cambio de uso forestal cando concorran razóns imperiosas de interese público de primeira orde que deberán ser apreciadas mediante lei, sempre que se adopten as medidas compensatorias necesarias que permitan recuperar unha superficie forestal equivalente á queimada. Tales medidas compensatorias deberanse identificar con anterioridade ao cambio de uso na propia lei xunto coa procedencia do cambio de uso.

No caso de que esas razóns imperiosas de primeira orde correspondan a un interese xeral da Nación, será a lei estatal a que determine a necesidade do cambio de uso forestal, nos supostos e coas condicións indicadas no parágrafo anterior.

En ningún caso procederá apreciar esta excepción respecto de montes catalogados.»

Sesenta e catro. O número 2 do artigo 50 queda redactado da seguinte forma:

«2. O órgano competente da comunidade autónoma fixará as medidas encamiñadas á retirada da madeira queimada e á restauración da cuberta vexetal afectada polos incendios que, en todo caso, incluírán o acoutamento temporal daqueles aproveitamentos ou actividades incompatibles coa súa rexeneración por un prazo que deberá ser superior a un ano, salvo levantamento do acoutado por autorización expresa do dito órgano.»

Sesenta e cinco. O artigo 52 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 52. *Protección dos montes contra axentes nocivos.*

1. Sen prexuízo do establecido na Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, a protección dos montes contra os axentes nocivos debe ser de carácter preferentemente preventivo, mediante técnicas silvícolas adecuadas, utilización de axentes biolóxicos que impidan ou freen o incremento das poboacións de axentes nocivos e a aplicación de métodos de loita integrada.

2. As comunidades autónomas adoptarán as medidas necesarias de vixilancia, localización e extinción de focos incipientes de pragas, e deberán informar os propietarios forestais da zona afectada e o órgano competente da Administración xeral do Estado por se se pode ver afectada a sanidade xeral dos montes españois.

3. A Estratexia forestal española, o Plan forestal español, os plans de ordenación de recursos forestais, as directrices básicas comúns de xestión forestal sustentable, os proxectos de ordenación, os plans dasocráticos e calquera outra acción de planificación recollida na presente lei deberán incluír disposicións para a prevención e a loita contra pragas e enfermidades, con especial atención aos riscos das pragas emerxentes.»

Sesenta e seis. O artigo 54 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 54. *Recursos xenéticos forestais.*

1. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente elaborará e xestionará, en colaboración coas comunidades autónomas, programas de ámbito nacional que promovan a mellora xenética e a conservación dos recursos xenéticos

forestais, así como os instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento e, en particular, o establecido na Estratexia española para a conservación e o uso sustentable dos recursos xenéticos forestais.

2. O Goberno, consultadas as comunidades autónomas e por proposta do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, establecerá as normas básicas sobre conservación e uso sustentable dos recursos xenéticos forestais e sobre a produción, comercialización e utilización dos materiais forestais de reprodución.

3. O Goberno, consultadas as comunidades autónomas e por proposta do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, determinará as rexións de procedencia dos materiais forestais de reprodución e, en particular, manterá o Rexistro e o Catálogo nacional de materiais de base.»

Sesenta e sete. O encabezamento do capítulo V queda redactado como segue:

«CAPÍTULO V

Acceso aos montes»

Sesenta e oito. O artigo 54 bis queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 54 bis. *Acceso público.*

1. O acceso público aos montes será obxecto de regulación polas administracións públicas competentes.

2. As comunidades autónomas definirán as condicións en que se permite a circulación de vehículos de motor por pistas forestais situadas fóra da rede de estradas e a través de terreos forestais fóra das vías existentes para tal fin.

3. En ningún caso se poderá limitar a circulación nas servidumes de paso para a xestión agroforestal e os labores de vixilancia e de extinción de incendios das administracións públicas competentes.

4. O acceso de persoas alleas á vixilancia, extinción e xestión poderase limitar nas zonas de alto risco de incendio previstas no artigo 48, cando o risco de incendio así o aconselle, o que se fará público de forma visible.»

Sesenta e nove. O artigo 55 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 55. *Investigación forestal.*

1. A Administración xeral do Estado, a través da Estratexia española de ciencia e tecnoloxía que establece a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, identificará e incorporará nos seus programas de actuación as demandas de investigación forestal das administracións públicas e dos sectores produtivos, así como os instrumentos necesarios para alcanzar os obxectivos propostos.

2. As administracións públicas fomentarán a investigación forestal e, en particular, promoverán:

a) A transferencia tecnolóxica dos resultados da investigación forestal aos órganos responsables da planificación e xestión dos montes públicos e privados.

b) A innovación e o desenvolvemento de novos métodos de xestión forestal sustentable.

c) A coordinación xeral da investigación forestal, mediante o establecemento dos mecanismos necesarios para o mellor uso da totalidade dos recursos e medios dispoñibles, o intercambio de información, a constitución de redes temáticas permanentes de carácter nacional e internacional e a creación e mantemento de bases de datos harmonizadas.

d) A cooperación en materia forestal entre institutos, centros de investigación, centros tecnolóxicos e universidades, tanto públicos como privados, e os organismos públicos e as organizacións privadas responsables da xestión forestal dos montes, en particular a través do enlace en forma de redes entre as distintas institucións implicadas.

3. A información e os resultados dos programas e proxectos de investigación executados con financiamento público que se requiran para elaborar a información forestal española, referida no artigo 28, integraranse nesta. Con tal fin, as institucións investigadoras responsables proporcionarán esta información ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e ás comunidades autónomas.»

Setenta. O artigo 58 queda redactado como segue:

«Artigo 58. *Extensión, policía e gardaría forestal.*

1. As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, deberán desempeñar, entre outras, as seguintes funcións de extensión, policía e gardaría forestal:

a) De policía, custodia e vixilancia para o cumprimento da normativa aplicable en materia forestal, especialmente as de prevención, detección e investigación das causas de incendios forestais, coa emisión dos informes técnicos pertinentes.

b) De asesoramento facultativo en tarefas de extensión e xestión forestal e de conservación da natureza.

Os funcionarios que desempeñen estas funcións contarán coa formación específica que os capacite para o seu correcto desenvolvemento.

2. Para fomentar os labores citados na letra b) do número 1, a Administración forestal poderá establecer acordos cos axentes sociais representativos.

3. Os funcionarios que desempeñen funcións de policía administrativa forestal, por atribución legal ou por delegación, teñen a condición de axentes da autoridade. Os feitos constatados e formalizados por eles nas correspondentes actas de inspección e denuncia terán presunción de certeza, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos e intereses poidan achegar os interesados.

Así mesmo, no exercicio destas funcións están facultados para:

a) Entrar libremente en calquera momento e sen aviso previo nos lugares suxeitos a inspección e permanecer neles, con respecto, en todo caso, á inviolabilidade do domicilio. Ao efectuaren unha visita de inspección, deberán comunicar a súa presenza á persoa inspeccionada ou ao seu representante, a menos que consideren que a dita comunicación poida prexudicar o éxito das súas funcións.

b) Proceder a practicar calquera acto de investigación, exame ou proba que consideren necesaria para comprobar que as disposicións legais se observan correctamente.

En particular, poderán tomar ou sacar mostras de substancias e materiais, realizar medicións, obter fotografías, vídeos, gravación de imaxes, e levantar esbozos e planos, sempre que se notifique ao titular ou ao seu representante, salvo casos de urxencia, nos cales a notificación se poderá efectuar con posterioridade.

4. No exercicio das súas funcións como policía xudicial xenérica limitaranse a efectuar as primeiras dilixencias de prevención, de acordo co previsto na normativa reguladora da policía xudicial e de conformidade co disposto no artigo 284 da Lei de axuízamento criminal.

Cando teñan coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de delito deberán póllos en coñecemento da autoridade xudicial ou do Ministerio Fiscal, a

través do procedemento que determinan os órganos en cuxa estrutura se integren e de conformidade co disposto na Lei de axuízamento criminal.

No exercicio das funcións a que se refire este número, os axentes forestais prestarán en todo momento auxilio e colaboración ás forzas e corpos de seguridade, de acordo co disposto no artigo 4 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade.»

Setenta e un. O artigo 61 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 61. *Cooperativas, empresas e industrias forestais.*

1. As comunidades autónomas crearán rexistros de cooperativas, empresas e industrias forestais, tanto das empresas que realizan traballos ou aproveitamentos forestais nos montes como das industrias forestais, incluíndo nestas as de serra, chapa, taboleiros, pasta, papel e cortiza, resina, biomasa, aceites, piñóns, castañas, cogomelos e trufas, así como calquera outro aproveitamento forestal.

2. Créase o Rexistro Nacional de Cooperativas, Empresas e Industrias Forestais. As comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a información relativa aos asentos que se produzan nos seus rexistros conforme o número anterior, co fin de elaborar e manter actualizado o Rexistro Nacional.

O Rexistro Nacional terá carácter informativo e dependerá do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal. A súa organización e funcionamento estableceranse regulamentariamente.

3. As cooperativas, empresas e industrias forestais facilitarán anualmente ás comunidades autónomas, para efectos estatísticos, os datos relativos á súa actividade, en particular, a produción, transformación e comercialización dos seus produtos forestais. Esta información integrarase na información forestal española a través de mecanismos de colaboración entre o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e os demais órganos das administracións competentes.»

Setenta e dous. O artigo 62 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 62. *Organizacións interprofesionais de produtos forestais.*

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente promoverá a creación de organizacións interprofesionais no sector forestal. O estatuto xurídico das organizacións interprofesionais dos produtos forestais será o establecido na Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias, e na normativa autonómica sobre a materia.»

Setenta e tres. O artigo 63 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 63. *Disposicións xerais.*

1. Os incentivos recollidos nos artigos 64 a 66, cando se financien con cargo aos orzamentos xerais do Estado, aplicaranse con prioridade para os montes ordenados tanto de titularidade privada como de entidades locais, e para os montes protectores e os catalogados, nos termos que se establezan.

2. As administracións facilitarán o desenvolvemento de instrumentos baseados no mercado para abordar eficazmente a conservación e mellora dos activos naturais ou dos servizos que estes prestan.

3. Incentivarase preferentemente a implantación de proxectos de ordenación, plans dasocráticos ou outros instrumentos de xestión equivalentes nos montes privados e públicos non catalogados. Os montes non ordenados incluídos nun PORF poderán acceder aos incentivos cando así se habilite no dito plan.

No acceso ás subvencións para a prevención contra incendios forestais, cando se financien con cargo aos orzamentos xerais do Estado, terán prioridade os montes que se encontren localizados nunha zona de alto risco de incendio cun plan de defensa contra incendios vixente, de acordo co artigo 48.»

Setenta e catro. O número 2 do artigo 65 queda redactado como segue:

«2. Para estes incentivos teranse en conta, entre outros, os seguintes factores:

a) A conservación, restauración e mellora da biodiversidade en ecosistemas e especies forestais e da paisaxe en función das medidas especificamente adoptadas para tal fin.

b) A fixación de dióxido de carbono nos montes como medida de contribución á mitigación do cambio climático, en función da cantidade de carbono fixada na biomasa forestal do monte, así como da valorización enerxética da súa biomasa forestal aproveitable.

c) A conservación dos solos e do réxime hidrolóxico nos montes como medida de loita contra a desertización, en función do grao en que a cuberta vexetal e as prácticas silvícolas contribúan a reducir a perda ou degradación do solo e a mellora dos recursos hídricos superficiais e subterráneos.

d) A mellora da calidade do aire e a diminución de ruídos.»

Setenta e cinco. O número 3 do artigo 65 queda redactado como segue:

«3. As administracións públicas poderán achegar estes incentivos polas seguintes vías:

a) Subvención ao propietario dos traballos dirixidos á xestión forestal sustentable.

b) Establecemento dunha relación contractual co propietario ou titular da xestión do monte, ou de calquera aproveitamento, sempre que estea planificado.

c) Investimento directo pola Administración.»

Setenta e seis. Dáse unha nova redacción ás letras a), c), g), h), j), k), l), n), o) e p) do artigo 67, que quedan redactadas como segue:

«a) O cambio de uso forestal ou a realización de actividades en contra do uso forestal, sen autorización.»

«c) A corta, queima, arrinca ou inutilización de exemplares arbóreos ou arbustivos de especies forestais, salvo casos excepcionais autorizados singularmente ou os previstos e controlados explicitamente no correspondente instrumento de intervención administrativa de ordenación, autorización, declaración responsable ou notificación e xustificadas por razóns de xestión do monte.»

«g) A forestación ou reforestación con materiais de reprodución que incumpran os requisitos establecidos na lexislación vixente nesta materia.»

«h) A realización de aproveitamentos forestais sen autorización administrativa ou declaración responsable do titular e, en xeral, a realización de calquera actividade non autorizada ou notificada, cando tales requisitos sexan obrigatorios, así como o incumprimento das disposicións que regulen o desfrute dos aproveitamentos forestais.»

«j) O pastoreo ou a permanencia de reses nos montes onde se encuentre prohibido ou se realice en violación das normas establecidas para o efecto polo órgano forestal da comunidade autónoma.»

«k) O tránsito ou a permanencia en camiños ou zonas forestais onde exista prohibición expresa en tal sentido, ou incumprindo as condicións que ao respecto se establezan, así como a circulación con vehículos de motor atravesando terreos fóra de estradas, camiños, pistas ou calquera infraestrutura utilizable para tal fin, excepto cando fose expresamente autorizada.»

«l) Calquera incumprimento grave que afecte o normal desenvolvemento do monte, do contido dos proxectos de ordenación de montes, plans dasocráticos de montes ou plans de aproveitamentos, ou outros instrumentos de xestión equivalentes, entre outros, os compromisos de adhesión a modelos tipo de xestión forestal, así como as súas correspondentes autorizacións, sen causa técnica xustificada e notificada ao órgano forestal da comunidade autónoma para a súa aprobación.»

«n) A vertedura ou o abandono non autorizados de residuos, materiais ou produtos de calquera natureza en terreos forestais.»

«o) A manifesta falta de colaboración ou a obstrución por acción ou omisión das actuacións de investigación, inspección e control das administracións públicas e dos seus axentes, en relación coas disposicións desta lei e das súas normas de desenvolvemento.»

«p) O incumprimento das obrigacións de información á Administración por parte dos particulares, así como a súa ocultación ou alteración.»

Setenta e sete. Engádese unha nova letra r) ao artigo 67, que queda redactada da seguinte forma:

«r) O incumprimento das obrigacións impostas polo Regulamento (UE) n.º 995/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de outubro de 2010, polo que se establecen as obrigacións dos axentes que comercializan madeira e produtos da madeira, en canto:

1.º Á comercialización de madeira non aproveitada legalmente e os seus produtos derivados.

2.º Á ausencia de mantemento e avaliación dun sistema de dilixencia debida, xa sexa de maneira individual ou a través dunha entidade de supervisión.

3.º Á ausencia de colaboración coa Administración competente nos controis realizados por esta.

4.º Á non adopción de medidas correctoras expedidas, se for o caso, pola autoridade competente tras a realización do correspondente control.

5.º Ao incumprimento da obrigaón de rastrexabilidade e conservación desta información a que están suxeitos os comerciantes.»

Setenta e oito. O artigo 68 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 68. *Clasificación das infraccións.*

1. Son infraccións moi graves:

a) As infraccións tipificadas nas letras a) a n) do artigo anterior, cando os feitos constitutivos da infracción causasen ao monte danos cuns custos de reposición iguais ou superiores a 1.000.000 euros ou cuxo prazo de reparación ou restauración sexa superior a 10 anos.

b) A infracción tipificada na letra ñ) do artigo anterior, cando a alteración de sinais e marcos impida a determinación sobre o terreo dos lindes legalmente establecidos.

c) As infraccións tipificadas na letra r) do artigo anterior, cando o valor da madeira obxecto de incumprimento supere os 200.000 euros.

d) A reincidencia, entendendo por esta que o infractor cometeu unha infracción leve, grave ou moi grave no prazo dun ano se é leve, dous anos se é grave e cinco anos se é moi grave, contados desde que se dite a resolución sancionadora firme.

2. Son infraccións graves:

a) As infraccións tipificadas nas letras a) a n) do artigo anterior, cando os feitos constitutivos da infracción causasen ao monte danos cuns custos de reposición iguais ou superiores a 10.000 euros e inferiores a 1.000.000 euros

ou cuxo prazo de reparación ou restauración sexa inferior a 10 anos e superior a seis meses.

b) A infracción tipificada na letra ñ) do artigo anterior, cando a alteración de sinais e marcos non impida a identificación dos límites reais do monte público deslindado.

c) A infracción tipificada na letra o) do artigo anterior.

d) As infraccións tipificadas na letra r) do artigo anterior, cando o valor da madeira obxecto de incumprimento sexa igual ou menor que 200.000 euros pero maior que 50.000 euros.

e) O incumprimento das obrigacións recollidas nos ordinais 2.º, 3.º, 4.º e 5.º da letra r) do artigo anterior.

f) A reincidencia, entendendo por esta que o infractor cometeu unha infracción leve, grave ou moi grave no prazo dun ano se é leve, dous anos se é grave e cinco anos se é moi grave, contados desde que se dite a resolución sancionadora firme.

3. Son infraccións leves:

a) As infraccións tipificadas nas letras a) a n) do artigo anterior cando os feitos constitutivos da infracción non causasen danos ao monte ou cando, habendo dano, teña uns custos de reposición inferiores a 10.000 euros ou o prazo para a súa reparación ou restauración non exceda os seis meses.

b) As infraccións tipificadas nas letras p) e q) do artigo anterior.

c) As infraccións tipificadas na letra r) do artigo anterior, cando o valor da madeira obxecto de incumprimento non supere os 50.000 euros.

4. En todos os casos de infraccións tipificadas na letra r) do artigo anterior, será sanción accesoria o comiso dos bens comercializados que constitúen o obxecto da infracción, que serán alleados en poxa pública.»

Setenta e nove. O artigo 74 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 74. *Contía das sancións.*

As infraccións tipificadas neste título serán sancionadas coas seguintes multas:

a) As infraccións leves, de 100 a 1.000 euros.

b) As infraccións graves, de 1.001 a 100.000 euros.

c) As infraccións moi graves, de 100.001 a 1.000.000 euros, salvo que o importe da madeira indebidamente comercializada, ou o dobre do custo de reposición do dano causado, sexan superiores ao millón de euros. Neste caso, a sanción será equivalente ao importe maior.»

Oitenta. Suprímese a letra a) do artigo 75.

Oitenta e un. O número 3 do artigo 77 queda redactado da seguinte forma:

«3. Poderase requirir, así mesmo, indemnización nos casos en que o beneficio económico do infractor sexa superior á máxima sanción prevista. Esta indemnización será como máximo o dobre da contía do dito beneficio e no caso de montes declarados de utilidade pública ingresarase no fondo de melloras regulado no artigo 38.»

Oitenta e dous. O número 1 do artigo 80 queda redactado da seguinte forma:

«1. As sancións impostas pola comisión de faltas moi graves prescribirán aos cinco anos, mentres que as impostas por faltas graves ou leves prescriben aos dous anos e ao ano, respectivamente.»

Oitenta e tres. O número 1 da disposición adicional primeira queda redactado da seguinte forma:

«1. Os consorcios e convenios de repoboación amparados pola lexislación que se derroga na disposición derogatoria única desta lei continuarán vixentes até a data da súa finalización, sen prexuízo das posibles prórrogas pactadas nos contratos.»

Oitenta e catro. A disposición adicional cuarta queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional cuarta. *Uso enerxético da biomasa forestal.*

O Goberno elaborará, en colaboración coas comunidades autónomas, unha estratexia para o desenvolvemento do uso enerxético da biomasa forestal, de acordo cos obxectivos indicados no Plan de enerxías renovables en España.»

Oitenta e cinco. A disposición adicional quinta queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional quinta. *Sociedades forestais.*

1. Defínese como sociedade forestal a agrupación de propietarios de parcelas susceptibles de aproveitamento forestal que ceden á sociedade forestal os dereitos de uso forestal de forma indefinida ou por prazo certo igual ou superior a vinte anos.

2. Tamén poderán pertencer á sociedade forestal outras persoas físicas ou xurídicas que non sexan titulares, sempre e cando a súa participación non supere o 49 por cento das participacións sociais.

3. En caso de transmisión de parcelas presumirase, salvo pacto en contrario, a subrogación automática da posición de socio do novo titular.

4. As comunidades autónomas determinarán, no ámbito das súas competencias, os requisitos adicionais que deberán cumprir estas sociedades, o nome que terán e os incentivos de que desfrutarán.

5. Estas sociedades forestais terán como único obxecto social a explotación e aproveitamento en común de terreos forestais cuxo uso se cede á sociedade, para realizalo mediante unha xestión forestal sustentable.

6. As sociedades forestais rexeranse polo texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.

7. O réxime fiscal especial establecido no capítulo VII do título VII da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, resultará de aplicación ás operacións de cesión de dereitos de uso forestal a que se refire o número 1 desta disposición a cambio de valores representativos do capital social da sociedade forestal adquirente.»

Oitenta e seis. O número 1 da disposición adicional oitava queda redactado da seguinte forma:

«1. Poderán establecerse dereitos de paso e autorizarse ocupacións temporais en montes do dominio público forestal, motivadas por interese da defensa nacional, conforme o procedemento e os prazos que se determinen.»

Oitenta e sete. A disposición adicional décima queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional décima. *Introdución no mercado de madeira e produtos derivados da madeira.*

1. As administracións públicas cooperarán no ámbito das súas competencias para asegurar a legalidade da madeira e produtos derivados introducidos no mercado en España, e dar así cumprimento á normativa comunitaria nesta materia, derivada do Plan sobre aplicación das leis forestais, gobernanza e comercio da Unión Europea.

2. No ámbito do Regulamento (UE) n.º 995/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de outubro de 2010, polo que se establecen obrigacións dos axentes que comercializan madeira e produtos da madeira, os axentes que opten por un sistema individual para exercer a dilixencia debida deberán presentar unha declaración responsable ante o órgano autonómico competente. O contido mínimo desta declaración responsable establecerase regulamentariamente. A omisión da presentación desta declaración suporá unha infracción leve para os efectos do título VII.»

Oitenta e oito. A disposición adicional décimo primeira queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional décimo primeira. *Avaliación ambiental.*

Sempre que na presente lei algunha actividade, uso ou aproveitamento estea sometido só a notificación ou declaración responsable e a dita actividade estea sometida obrigatoriamente a avaliación ambiental pola Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou pola lexislación de avaliación ambiental da comunidade autónoma onde se vaia levar a cabo, observarse o ordenado no artigo 9.2 da dita lei e demais preceptos de concordante aplicación.»

Oitenta e nove. Engádesse unha nova disposición adicional redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional décimo segunda. *Fomento da industria forestal.*

Modifícase o artigo 5.3 da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, engadindo entre os obxectivos dos programas de promoción industrial un novo, co seguinte contido:

i) O fomento das industrias de transformación de recursos naturais renovables e especificamente as que utilicen como materia prima os recursos forestais. »

Noventa. Engádesse unha disposición adicional nova, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional décimo terceira. *Dedución no imposto sobre sociedades por gastos e investimentos das sociedades forestais.*

As sociedades forestais a que se refire a disposición adicional quinta desta lei terán dereito a unha dedución na cota íntegra do imposto sobre sociedades do 10 por cento dos gastos ou investimentos que realicen no período impositivo na conservación, mantemento, mellora, protección e acceso do monte.

Esta dedución estará sometida aos límites e condicións establecidos no artigo 39 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, conxuntamente coas alí sinaladas.»

Noventa e un. A disposición transitoria segunda queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria segunda. *Prazo para a ordenación de montes.*

Os montes que teñan a obrigaición, conforme o disposto no artigo 33, de dispor dun instrumento de xestión forestal, terán un período de 25 anos desde a entrada en vigor desta lei para dotarse daquel.»

Noventa e dous. A disposición transitoria terceira queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria terceira. *Incentivos económicos en montes non ordenados.*

Durante un prazo de quince anos desde a entrada en vigor desta lei, os propietarios de montes non ordenados poderanse acoller aos incentivos a que se refire o artigo 63, e a elaboración do correspondente instrumento de xestión forestal poderá ser obxecto de subvención ou crédito. Pasado o dito período denegaráselles de oficio calquera incentivo mentres non se doten de instrumento de xestión ou, se for o caso, e tal como se prevé no artigo 63.3, se inclúan nun PORF.

Se durante este prazo se produce un cambio de propiedade, o prazo para o novo propietario empezará a contarse desde o momento da transmisión.»

Noventa e tres. A disposición transitoria cuarta queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria cuarta. *Montes declarados de utilidade pública con anterioridade a esta lei.*

Para os efectos do previsto no artigo 16 e concordantes, consideranse incluídos no Catálogo de montes de utilidade pública todos os montes declarados de utilidade pública con anterioridade á entrada en vigor desta lei.»

Noventa e catro. Suprímese a disposición derradeira primeira.

Noventa e cinco. O número 3 da disposición derradeira segunda queda redactado como segue:

«3. Os seguintes preceptos e disposicións dítanse ao abeiro de títulos competenciais exclusivos do Estado:

a) Os artigos 18, números 1 e 2, 19, 22, 25 e 27 bis dítanse ao abeiro do artigo 149.1.8.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación civil, sen prexuízo da conservación, modificación e desenvolvemento polas comunidades autónomas dos dereitos civís, forais ou especiais, alí onde existan.

b) Os artigos 18.3 e 18 bis dítanse ao abeiro do artigo 149.1.8.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de ordenación dos rexistros.

c) O capítulo I do título V, salvo o artigo 56.1, dítase ao abeiro do artigo 149.1.15.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.

d) A disposición adicional novena dítase ao abeiro do artigo 149.1.14.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de facenda xeral e débeda do Estado.»

Disposición adicional primeira. Referencias.

1. Todas as referencias que a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, fai ao Ministerio de Medio Ambiente e ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación entenderanse substituídas pola referencia ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

2. Todas as referencias que a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, fai ao «órgano forestal» ou «Administración forestal» deberanse entender substituídas por «órgano competente en materia forestal».

Disposición adicional segunda. Aplicación das axudas directas da política agrícola común en España.

1. Os pagamentos directos establecidos no artigo 1 do Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 637/2008 e (CE) n.º 73/2009 do Consello, aplicaranse conforme criterios comúns establecidos a escala nacional para todo o territorio.

2. Habilítase o Goberno para que, por vía regulamentaria, desenvolva o establecido neste artigo, de conformidade coas previsións do Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen, así como das previsións aplicables aos pagamentos directos establecidas no Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, en particular, as relativas ao sistema integrado de xestión e control establecido no capítulo II do título V e ao sistema de condicionalidade establecido no título VI do dito regulamento.

Disposición adicional terceira. *Cambio de denominación do corpo de enxeñeiros agrónomos e do corpo de enxeñeiros de montes.*

O corpo de enxeñeiros agrónomos e o corpo de enxeñeiros de montes pasan a denominarse corpo de enxeñeiros agrónomos do Estado e corpo de enxeñeiros de montes do Estado.

Ambos os corpos manterán a súa adscrición orgánica ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, así como a clasificación no subgrupo A1 dos establecidos no artigo 76 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

Disposición adicional cuarta. *Caza e pesca.*

1. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa participación das comunidades autónomas, elaborará unha estratexia nacional de xestión cinexética que constitúa o marco orientativo e de coordinación para a ordenación a escala nacional do aproveitamento cinexético. Será aprobada pola Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural e as comunidades autónomas poderanse referir a ela na súa lexislación específica.

2. Para efectos informativos créase o Rexistro Español de Infractores de Caza e Pesca. As comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a información relativa aos asentos que se produzan nos seus correspondentes rexistros de infractores de caza e pesca, incluídos os relativos á suspensión e extinción de validez das licenzas, en particular, os derivados de infraccións penais e dun procedemento sancionador, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposición adicional quinta. *Regras de explotación do transvasamento Texo-Segura.*

1. En función das existencias conxuntas en Entrepeñas e Buendía a comezos de cada mes, establécense os seguintes niveis mensuais conforme os que se acordará a realización dos transvasamentos, cun máximo anual total de 650 hectómetros cúbicos en cada ano hidrolóxico (600 para o Segura e 50 para o Guadiana):

Nivel 1. Darase cando as existencias conxuntas en Entrepeñas e Buendía sexan iguais ou maiores que 1.500 hectómetros cúbicos, ou cando as achegas conxuntas entrantes a estes encoros nos últimos doce meses sexan iguais ou maiores que 1.000 hectómetros cúbicos. Neste caso o órgano competente autorizará un transvasamento mensual de 68 hectómetros cúbicos, até o máximo anual antes referido.

Nivel 2. Darase cando as existencias conxuntas de Entrepeñas e Buendía sexan inferiores a 1.500 hectómetros cúbicos, sen chegar aos volumes previstos no nivel 3, e as achegas conxuntas rexistradas nos últimos doce meses sexan inferiores a 1.000 hectómetros cúbicos. Neste caso o órgano competente autorizará un transvasamento mensual de 38 hectómetros cúbicos, até o máximo anual antes referido.

Nivel 3. De situacións hidrolóxicas excepcionais, darase cando as existencias conxuntas en Entrepeñas e Buendía non superen, a comezos de cada mes, os valores que se determinen polo plan hidrolóxico do Texo vixente. O Goberno, mediante o real decreto previsto posteriormente neste número, establecerá para o nivel 3 o transvasamento máximo mensual que o órgano competente poderá autorizar discrecionalmente e de forma motivada, así como os valores mensuais antes referidos, definitivos do nivel 3, co obxectivo único que se indica posteriormente.

Nivel 4. Darase esta situación cando as existencias conxuntas en Entrepeñas e Buendía sexan inferiores a 400 hectómetros cúbicos, caso en que non cabe aprobar ningún transvasamento.

Co único obxectivo de dotar de maior estabilidade interanual as subministracións e minimizar a presentación de situacións hidrolóxicas excepcionais a que se refire o nivel 3, sen modificar en ningún caso o máximo anual de auga transvasable, por proposta

xustificada do ministerio competente en materia de augas, e logo de informe favorable da Comisión Central de Explotación do Acueduto Texo-Segura, poderanse modificar, mediante real decreto, tanto o volume de existencias e o de achegas acumuladas previstos no nivel 1 como os volumes de transvasamento mensual correspondentes aos niveis 1, 2, 3 e os volumes de existencias para cada mes correspondentes ao nivel 3. Así mesmo, neste real decreto definiranse os criterios de predición de achegas para a aplicación da regra en horizontes plurimensuais.

Para efectos de favorecer o desenvolvemento dos municipios ribeiregos, explotarse o sistema de forma que o volume de transvasamento xa autorizado e pendente de aplicación se manteña preferentemente nos encoros de cabeceira antes que noutros almacenamentos en tránsito ou destino, sempre que tal explotación sexa compatible cunha xestión racional e integrada do sistema conxunto.

Salvo en situacións catastróficas ou de extrema necesidade debidamente motivadas, que impidan o envío de auga, se non se transvasasen no prazo autorizado os volumes aprobados previstos nos niveis 1 e 2, poderanse transferir nos tres meses seguintes á fin do período de autorización, salvo que se produza un cambio de nivel.

Os recursos cuxo transvasamento fose xa autorizado poderán ser utilizados polos seus usuarios ao longo do ano hidrolóxico até o final deste. No caso de que ao final do ano hidrolóxico exista na bacía receptora algún volume dispoñible de auga transvasada, será obxecto dunha nova distribución, considerándose como recurso aproveitable para os usos do transvasamento a que correspondan no ano hidrolóxico seguinte.

Os volumes cuxo transvasamento fose autorizado distribuiranse entre abastecementos e regadíos, na proporción dun 25 por cento para abastecemento e o 75 por cento restante para regadío, até o máximo das súas dotacións anuais, e asegurando sempre ao menos 7,5 hectómetros cúbicos/mes para os abastecementos urbanos.

2. A Comisión Central de Explotación do Acueduto Texo-Segura autorizará os transvasamentos cando concorran as condicións hidrolóxicas dos niveis 1 e 2, e o ministro que teña atribuídas as competencias en materia de auga, logo de informe desta comisión, cando concorran as condicións do nivel 3. No caso dos niveis 1 e 2 a autorización dos transvasamentos efectuarase preferentemente por semestres, mentres que no caso do nivel 3 se realizará preferentemente por trimestres, salvo que o órgano competente xustifique en calquera dos niveis a utilización de prazos distintos.

3. Con carácter previo á primeira reunión do ano hidrolóxico da Comisión Central de Explotación do Acueduto Texo-Segura e, en todo caso, antes da primeira autorización do transvasamento, exclusivamente nos niveis 1 e 2, a Dirección Xeral da Auga elaborará, para a súa consideración pola Comisión Central de Explotación para efectos das autorizacións, un informe xustificativo das necesidades hídricas nas zonas e abastecementos afectos ao transvasamento Texo-Segura, que se referirá, para as zonas regables, aos cultivos planificados e, para os abastecementos, ás demandas estimadas, así como ás posibilidades de regulación existentes para tales caudais.

Este informe elaborarao a Dirección Xeral da Auga a partir da información da planificación hidrolóxica, e deberase actualizar semestralmente, de acordo co disposto no Regulamento de planificación hidrolóxica sobre seguimento dos plans hidrolóxicos.

Disposición adicional sexta. *Camiños naturais.*

1. Defínese camiño natural como o itinerario destinado a un uso público non motorizado, principalmente peonil e ciclístico, que reúne os seguintes requisitos:

- a) Está construído aproveitando itinerarios públicos preexistentes, como antigos trazados de ferrocarril, vías pecuarias, camiños reais ou carreiros de ribeira, entre outros.
- b) Está destinado fundamentalmente á realización de actividades deportivas, culturais e recreativas, como a camiñada e o cicloturismo.
- c) Está localizado no medio rural, atravesando ao longo do seu trazado lugares con importantes calidades naturais, culturais, paisaxísticas ou históricas, e serve como instrumento para a posta en valor das referidas calidades do territorio.

d) Contribúe ao desenvolvemento rural ao favorecer a diversificación económica mediante actividades ligadas ao novo uso turístico-recreativo.

e) Está identificado cunha marca rexistrada, con identidade gráfica e sinalización propia. Conta cunha sinalización normalizada en canto a dimensións, materiais, criterios de deseño, tipografía, cores, etc., segundo se define no Manual de sinalización de camiños naturais, e o uso dos seus logos e denominacións está protexido polas marcas rexistradas «Camiños Naturais» e «Itinerarios Naturais non Motorizados».

2. A Rede nacional de camiños naturais estará integrada polos camiños naturais que cumpran cos requisitos que se definan regulamentariamente. Os seus obxectivos son:

a) Fomentar sistemas de transporte respectuosos co ambiente e con baixa emisión de carbono e promover a mobilidade periurbana e interurbana sustentable e, polo tanto, a calidade de vida e saúde da poboación.

b) Desenvolver o turismo rural, ambiental e cultural.

c) Favorecer o desenvolvemento socioeconómico da zona de actuación, mediante a potenciación e diversificación dos recursos económicos, o fomento do emprego e o asentamento da poboación no medio rural.

d) Definir a estratexia de mantemento e conservación da Rede nacional de camiños naturais.

e) Avaliar a demanda dos itinerarios para mellorar os trazados xa executados.

3. Os camiños naturais incluídos na Rede nacional de camiños naturais poden ser:

a) Itinerarios de carácter básico: trazados de longo percorrido, que forman parte dalgún dos eixes vertebradores interterritoriais e/ou transfronteirizos que se definan no Plan director da Rede nacional de camiños naturais,

b) Itinerarios de carácter secundario: trazados que, sen pertenceren aos de carácter básico, lles poden dar continuidade, permitir a conexión entre camiños xa construídos ou posibilitar o acceso a lugares de interese ambiental ou cultural.

4. En materia de camiños naturais, competen ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente as seguintes funcións:

a) Exercer a supervisión e coordinación da Rede nacional de camiños naturais.

b) Elaborar o Plan director da Rede nacional de camiños naturais como o seu principal instrumento de planificación e desenvolvemento, cuxa aprobación se realizará mediante acordo do Consello de Ministros.

c) Decidir sobre a inclusión de novos itinerarios na Rede nacional de camiños naturais. Así mesmo, decidir sobre a exclusión dalgún deles.

d) Executar as obras e realizar o mantemento dos camiños naturais promovidos polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

e) Asumir a execución das obras dos camiños naturais de nova incorporación á rede, salvo acordo distinto coas administracións competentes.

f) Xestionar a marca rexistrada «Camiños Naturais» e «Itinerarios Naturais non Motorizados».

g) Realizar o seguimento e avaliación da Rede nacional de camiños naturais, en particular, no que respecta ao adecuado mantemento dos camiños naturais por parte das administracións promotoras.

h) Determinar, en colaboración, se for o caso, coas administracións competentes, o trazado e deseño dos camiños naturais que se incluírán na rede.

i) Favorecer acordos para o desenvolvemento rural das zonas onde se localizan os camiños naturais.

j) Representar a España en redes internacionais equivalentes.

k) Establecer o modelo de funcionamento co resto das administracións territoriais competentes.

5. Os camiños naturais poderanse construír por iniciativa do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ou por instancia doutras administracións territoriais.

6. Na construción de camiños naturais definidos anteriormente como de carácter básico, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente poderá actuar de forma directa ou ben mediante a subscripción dos oportunos convenios de colaboración coas administracións territoriais afectadas para as obras.

7. Para executar as actuacións correspondentes aos trazados definidos anteriormente como de carácter secundario, a Administración do Estado poderá instar a declaración de interese xeral destes ou ben utilizar o procedemento ordinario de concesión de subvencións en especie previsto na Lei 38/2003 mediante a súa tramitación en réxime de concorrencia competitiva.

8. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente poderá acordar a incorporación doutros itinerarios construídos por outras administracións á Rede nacional de camiños naturais.

9. Regulamentariamente determinaranse os requisitos e procedementos para a actuación do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente na construción de camiños naturais de carácter básico e os de carácter secundario.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio da modificación da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional.*

A aplicación da disposición adicional terceira da Lei 10/2001, do 5 de xullo, reguladora do Plan hidrolóxico nacional, graduarase no tempo conforme as seguintes prescricións:

1. A implantación do novo nivel de referencia de 400 hectómetros cúbicos para a definición de excedentes transvasables na cabeceira do Texo seguirá un réxime transitorio de forma que este novo nivel se alcance como máximo en cinco anos conforme o seguinte procedemento.

2. Na data de entrada en vigor do novo plan hidrolóxico do Texo, elaborado conforme a Directiva marco da auga, o nivel elevarase 32 hectómetros cúbicos, e irase elevando en graos adicionais de 32 hectómetros cúbicos o día 1 de xaneiro de cada ano sucesivo, até alcanzar os 400 hectómetros cúbicos finais. Igualmente, a curva de definición de situacións hidrolóxicas excepcionais vixente irase elevando de forma gradual e simultánea aos seus correspondentes niveis de referencia, até alcanzar a curva final.

3. Se no inicio ou en calquera momento do período transitorio se alcanza un nivel de existencias encoradas de 900 hectómetros cúbicos, tanto o novo nivel de referencia de 400 hectómetros cúbicos como a curva de condicións excepcionais entrarán en vigor de forma inmediata.

4. A Comisión Central de Explotación do Acueduto Texo-Segura velará pola aplicación destes criterios e resolverá as incidencias que poidan xurdir no período de transición.

Disposición derogatoria.

1. Queda derogada a disposición adicional primeira da Lei 11/2005, do 22 de xuño, pola que se modifica a Lei 10/2001, do 5 de xullo de 2001, do Plan hidrolóxico nacional.

2. Manterase en vigor o Real decreto 773/2014, do 12 de setembro, polo que se aproban diversas normas reguladoras do transvasamento polo acueduto Texo-Segura.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 52/1980, do 16 de outubro, de réxime económico da explotación do acueduto Texo-Segura.*

Modifícase o último parágrafo da disposición adicional primeira da Lei 52/1980, do 16 de outubro, de réxime económico da explotación do acueduto Texo-Segura, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Pola contra, se se producen menores perdas, os recursos adicionais xerados distribuiranse nun setenta por cento para regadío, en proporción ás referidas zonas regables, mentres que o trinta por cento restante se asignará para abastecementos da provincia de Almería.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional.*

Un. Modifícase a disposición adicional terceira, que pasa a ter a seguinte redacción:

«En canto ás transferencias de auga aprobadas desde a cabeceira do Texo, consideraranse augas excedentarias todas aquelas existencias encoradas no conxunto de Entrepeñas-Buendía que superen os 400 hectómetros cúbicos. Por debaixo desta cifra non se poderán efectuar transvasamentos en ningún caso.

Este volume mínimo poderase revisar no futuro conforme as variacións efectivas que experimenten as demandas da bacía do Texo, de acordo cos principios de eficiencia e sustentabilidade, de forma que se garanta en todo caso o seu carácter preferente e se asegure que as transferencias desde a cabeceira nunca poidan supor un límite ou impedimento para o desenvolvemento natural da dita bacía.»

Dous. Introdúcese unha nova disposición adicional décimo quinta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo quinta.

Levaranse a cabo con carácter de urxencia, e de acordo con criterios de viabilidade, as obras previstas no anexo ao Plan hidrolóxico nacional que aínda non fosen executadas e que permitan a Castilla-La Mancha utilizar a infraestrutura do transvasamento Texo-Segura, así como os recursos correspondentes que teña asignados e reservados.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, en materia de actuacións sanitarias en especies cinexéticas.*

Engádese un artigo 16 bis á Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, que queda redactado como segue:

«Artigo 16 bis. *Actuacións sanitarias en especies cinexéticas.*

Co obxectivo de asegurar o bo estado sanitario das especies cinexéticas e para evitar a transmisión de enfermidades entre elas ou ao gando doméstico:

1. Todas as explotacións produtoras de especies cinexéticas deberán cumprir os requisitos sanitarios que legalmente se establezan. Así mesmo, o movemento de animais procedentes destas explotacións será establecido regulamentariamente.

2. Regulamentariamente estableceranse os requisitos de sanidade animal que os diferentes terreos tanto de aproveitamento cinexético como de réxime especial recollidos no título II deberán cumprir. Estes requisitos incluírán, en especial, os sistemas de vixilancia para detectar a presenza de enfermidades e as actuacións que, no caso de risco de transmisión, deberán ser abordadas tanto polas administracións competentes como polos responsables ou xestores dos terreos.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 5/2013, do 11 de xuño, pola que se modifican a Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, e a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.*

Modifícase a disposición derradeira segunda da Lei 5/2013, do 11 de xuño, pola que se modifican a Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, e a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, que quedará redactada da seguinte maneira:

«Disposición derradeira segunda. *Autorización para elaborar un texto refundido en materia de prevención e control integrados da contaminación.*

Autorízase o Goberno para elaborar e aprobar, antes do 31 de decembro de 2016, un texto refundido no cal se integren, debidamente regularizadas,

aclaradas e harmonizadas, a Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, e as disposicións en materia de emisións industriais contidas en normas con rango de lei.»

Disposición derradeira quinta. *Impacto orzamentario.*

As medidas incluídas nesta norma non suporán ningún custo e levaranse a cabo cos medios persoais, materiais e técnicos dispoñibles, sen incremento de dotacións, retribucións ou doutros gastos de persoal ao servizo da Administración xeral do Estado.

Disposición derradeira sexta. *Habilitación competencial.*

As disposicións adicionais segunda e cuarta dítanse ao abeiro dos títulos competenciais exclusivos do Estado recollidos no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

A disposición derradeira terceira dítase ao abeiro do título competencial exclusivo do Estado previsto no artigo 149.1.13.^a, 16.^a e 23.^a da Constitución, que reserva ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, bases e coordinación xeral da sanidade e lexislación básica sobre protección do ambiente.

A disposición adicional sexta dítase ao abeiro do título competencial exclusivo do Estado previsto no artigo 149.1.23.^a da Constitución, que reserva ao Estado a competencia exclusiva en lexislación básica sobre protección do ambiente.

A disposición adicional quinta, a disposición transitoria única, a disposición derogatoria e as disposicións derradeiras primeira e segunda dítanse ao abeiro do disposto no artigo 149.1.22.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor da lei.*

A presente lei entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 20 de xullo de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY